

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO PRIMEIRO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA MAIS VANTAXOSA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE AMES, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN.-

Mediante acordo plenario de 26 de setembro de 2013 adoptouse acordo de licitación do servizo público Ciclo integral da Auga no concello de Ames, mediante a modalidade de concesión administrativa e por prazo de 15 anos.

Non se presenta ningunha oferta, sendo declarada deserta a licitación mediante acordo plenario de 28 de novembro de 2013.

Con data 20 de febreiro de 2014 se emite informe conxunto de Secretaría e Intervención municipal a petición da comisión de estudo do servizo de auga e saneamento do concello de Ames ao respecto dos principais aspectos -económicos e xurídicos, respectivamente- derivados da elección entre as distintas formas ofrecidas pola norma para a xestión do servizo, así como do procedemento a seguir en cada caso.

Así, en base a dito informe, e concretamente en base ás consideracións principais nel contempladas, mediante Resolución da Alcaldía de data 10 de abril de 2014, subscríbese contrato menor ca entidade IDOM Ingeniería y Consultoría S.A, para a elaboración da documentación da licitación da concesión da xestión do servizo público dos servizos de abastecemento e saneamento a un horizonte de 2 anos.

Con data 5 de xuño de 2014, sometida a consideración do pleno do concello de Ames a licitación a 2 anos, quedou rexeitada cos votos a favor dos 5 representantes do grupo municipal popular, e o voto en contra do resto dos concelleiros da corporación municipal. O mesmo resultado tense producido na sesión plenaria de 26 de xuño de 2014.

Tal e como se explicita na declaración de necesidade e idoneidade, subscrita pola concellería delegada, se pretende así que a día 3 de setembro de 2014 a prestación do servizo Ciclo integral da Auga poda ter iniciado expediente de licitación xa que materialmente resulta imposible que a referida data poda estar adxudicado.

Visto que consta no expediente informe de Intervención (1/2014) sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, fíxose a oportuna retención de crédito e a correspondente fiscalización do expediente.

Visto que emitíuse Informe por Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato, así como sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas incorporados ao expediente.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 110 do TRLCSP, así como a delegación efectuada mediante decreto da Alcaldía 751/2011, de 21 de xuño (BOP nº 160, de 23 de agosto de 2011), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Prestar aprobación ao expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación para a xestión do servizo público Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, mediante a modalidade de concesión convocando a súa licitación.

Segundo.- Prestar aprobación ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao de

prescricións técnicas, que rexerán a licitación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación para a xestión do servizo público Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, mediante a modalidade de concesión administrativa por prazo de nove meses, que figuran como Anexo I deste acordo.

Terceiro.- Publicar no BOP de A Coruña e no perfil do contratante anuncio de licitación para que durante o prazo de 15 días naturais a contar dende a publicación no BOP, os interesados poidan presentar as proposicións que consideren oportunas.

Cuarto.- Facultar ó alcalde presidente do Concello de Ames don Santiago V. Amor Barreiro para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES.

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Cláusula 1ª. -Obxecto e órgano de contratación

O obxecto do presente contrato administrativo é a concesión administrativa da xestión dos Servizos de Abastecemento domiciliario de auga potable, Saneamento e Depuración de augas residuais do Concello de Ames, servizos de competencia municipal, atribuídos ás entidades locais, con carácter de obrigatorios, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), nos seus artigos 25.2.l) e 26.a).

A prestación destes servizos axustarase ás condicións que figuran neste prego e no de prescricións técnicas, o contido das cales se asume en todo aquilo que non se opoña ou contradiga o anterior, prevalecendo neste caso o primeiro. A prestación destes servizos tamén deberán axustarse ao Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Ames (BOP número 86 de 8 de maio de 2014).

As obras e instalacións de propiedade ou titularidade que se entregan ao concesionario para a realización das prestacións obxecto do contrato son as definidas no documento que se incorpora como Anexo I do Prego de Prescricións Técnicas.

Tamén se incluírán na concesión as obras e instalacións que execute ou reciba o Concello para a súa adscrición aos servizos encomendados durante o tempo da concesión, coa excepción das instalacións da ETAP Ames-Brión, actualmente en construción.

Terase en conta que a vontade do Concello é a de ampliar progresivamente a cobertura dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais ao conxunto do territorio municipal. Inclúense, polo tanto, no obxecto do contrato a explotación, a risco e ventura do concesionario, non só das instalacións actuais, senón tamén de obras e instalacións que execute ou reciba o Concello e que adscriba ao Servizo encomendado durante o período de concesión.

Inclúese no obxecto do contrato a prestación dos servizos de colaboración e asistencia técnica, material e informática ao exercicio das funcións de xestión tributaria, censual e recadatoria do Concello de Ames en relación coa taxa pola prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (para os que o feito imponible sexa a recollida no art. 2.1 do seu ordenanza fiscal reguladora), e en xeral, para a realización daqueles traballos de colaboración que non impliquen exercicio de autoridade, co fin de conseguir a máxima eficacia no cobramento dos tributos, que constitúen fonte de financiamento da facenda local.

Constitúe, igualmente, obxecto do presente contrato a colaboración e asistencia técnica, material e informática nas relacións e comunicacións que, respecto aos recursos tributarios ou de natureza pública que teñen relación con este contrato, se realicen coa Deputación provincial da Coruña para a recadación en vía executiva dos referidos recursos, en virtude da delegación de competencias en materias tributaria do Concello de Ames, de acordo coa aprobación definitiva da delegación de competencias en materias tributaria do Concello e a correspondente aceptación da Deputación provincial da Coruña (publicadas no BOP da Coruña nº 14 de 21/01/2013 e no nº 24 de 04/02/2013, respectivamente) que se rexerán fundamentalmente pola normativa ditada pola propia Deputación.

A contratación dos traballos definidos non suporá, en ningún caso, menoscabo das competencias atribuídas á Administración municipal como fórmula de xestión directa dos servizos recadatorios de conformidade co disposto no art. 85.3 AP. a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A empresa non terá, en ningún caso, o carácter de órgano de recadación; non dependerá organicamente do concello, nin estará incluída na estrutura administrativa deste.

Tanto o Prego de Prescricións Técnicas como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares posúen carácter contractual. Por este motivo, deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización de contrato.

Codificación do obxecto do contrato:

O código que corresponde ao contrato dentro da nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos (CPV) é o seguinte 65130000-3 Explotación do subministro de auga 90480000-5 Servizos de xestión da rede de sumidoiros 90481000-2 Servizo de depuración de augas residuais 751300000-6 Servizo de apoio aos poderes públicos.

Órgano de contratación

En virtude do decreto de delegación 751/2011, o órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Ames é a Xunta de Goberno Local.

O citado órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos a que este respecto se diten serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Cláusula 2ª. -Natureza, réxime xurídico e xurisdición

Unha vez perfeccionado o contrato, este constituirá unha concesión administrativa da xestión dos Servizos de Abastecemento domiciliario de auga potable e Saneamento e Depuración de augas residuais do Concello de Ames, nos termos do artigo 277.a do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e no apartado b) do art. 114 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, do 17 de xuño de 1955 (RSCL).

O seu réxime xurídico estará definido, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo presente Prego de Condicións Administrativas, polo Prego de Prescricións Técnicas e pola seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RGLCAP).
- O Título III do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1995 (RSCL), en canto non resulte modificado polas disposicións anteriormente referidas. Supletoriamente seranlle de aplicación as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.
- Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Ames, publicado no BOP nº 86, de 08/05/2014.

Sen prexuízo do anterior, o adxudicatario quedará obrigado ao cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de lexislación laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo. O incumprimento destas obrigas por parte do contratista non implicará responsabilidade ningunha para a Administración.

O contratista recoñece e admite a natureza administrativa do contrato que se formalice conforme a este prego, sométese á xurisdición e competencia que corresponde a este Concello e renuncia a calquera foro ou privilexio que lle puidese afectar.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, segundo ó disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición ou de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Cláusula 3ª. -Tramitación e procedemento de adxudicación.

O contrato adjudicárase por procedemento aberto, mediante unha pluralidade de criterios, en aplicación dos artigos 138 a 147, 150 e 157 a 161 do TRLCSP.

O expediente tramitárase polo procedemento ordinario, previsto no artigo 109 do TRLCSP.

Cláusula 4ª. -Duración do contrato.

A duración da concesión fíxase en **NOVE (9) meses** dende o inicio da prestación dos servizos, non prorrogables.

Cláusula 5ª. -Comezo da prestación dos servizos.

O concesionario comezará a prestación dos servizos obxecto do contrato no prazo máximo de UN MES, contado dende a formalización deste.

Cláusula 6ª. -Titularidade do servizo.

De conformidade co establecido nos artigos 25 da LBRL e 126.1 do RSCL, os servizos contratados seguirán ostentando, en todo momento, a cualificación de servizos públicos municipais.

A concesión dos servizos leva aparellada a concesión demanial do uso privativo dos bens afectos a estes, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Así mesmo, a titularidade das instalacións, infraestruturas, bens ou elementos afectos ou que no futuro se afecten a estes terán, en todo momento, a cualificación de bens de dominio público con destino a un servizo público.

O adjudicatario debe actuar sempre como mandatario do Concello. Para os efectos de indicar esa titularidade municipal e o carácter dos servizos, todos os impresos que utilice, anagramas dos vehículos ou uniformes do persoal ao seu cargo, levarán unha identificación do tipo -ou similar- á seguinte: "Concello de Ames, Servizo Integral da Auga". No caso de aqueles vehículos non estean adscritos ao 100% ao servizo, dado que se esixe meramente a posta a disposición do servizo, non se require que esta identificación sexa permanente, aceptándose soportes removibles.

Cláusula 7ª. -Do réxime xurídico dos bens.

Polo seu carácter de bens de dominio público, os que -en cada momento- integren a concesión estarán suxeitos ás limitacións e prerrogativas propias da súa natureza. Os bens afectos a este contrato que deban reverter á entidade cedente non poderán ser alleados ou gravados, salvo autorización expresa deste Concello.

Os bens que o contratista pon a disposición do contrato -e que non pasen a ser de dominio público- poderán seguir baixo a súa titularidade; salvo os previstos por aquel para a súa reversión ao Concello ao remate do contrato.

Cláusula 8ª. -Execución do contrato.

O adjudicatario queda obrigado á execución do contrato con estrito cumprimento das condicións recollidas no presente prego, no Prego de Prescricións Técnicas e na documentación que o complementa, así como en cantas disposicións estean viventes en cada momento, co compromiso de por a disposición os medios e elementos necesarios para levar o contrato a bo termo e de realizar cantas xestións sexan necesarias para iso.

CAPÍTULO II DOS MEDIOS E DA ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS

Cláusula 9ª. -Da forma e medios de xestión.

A xestión integral dos servizos encomendados realizaraa total e directamente o concesionario. Non obstante, logo de coñecemento e aprobación do Concello poderá aquel concertar con terceiros a xestión de prestacións accesorias. Neste caso, o concesionario será o único responsable ante a Administración titular.

Cláusula 10ª. -Da achega da Administración.

O Concello achegaralle ao adjudicatario os bens e instalacións que figuran como Anexo I do Prego de Prescricións Técnicas. O concesionario encargárase da súa xestión para o desenvolvemento e funcionamento dos servizos e deberá asumir os custos de traspaso da súa titularidade, e os gastos de explotación, mantemento e conservación.

Ao inicio da concesión, no transcurso dos tres primeiros meses, o adjudicatario estará obrigado a formalizar un inventario detallado dos bens e instalacións que se poñen á súa disposición, con indicación do seu estado de conservación.

Cláusula 11ª. -Da achega do concesionario.

Con independencia da achega que realiza este Concello, o concesionario comprométese a por a disposición do contrato os medios humanos, técnicos e materiais necesarios, en cada momento, para garantir de forma permanente a prestación dos servizos obxecto da concesión, na forma á que obriga o presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas e as disposicións aplicables.

- a. Medios materiais.

O concesionario está obrigado á posta a disposición do servizo dos medios materiais de xestión, axeitados e suficientes para prestar os servizos a que obriga o presente Prego de Cláusulas Administrativas e o de Prescricións Técnicas, tales como vehículos, maquinaria, útiles, ferramentas, etc.

Durante o período de concesión, serán por conta do concesionario a totalidade dos gastos asociados aos medios materiais adscritos aos servizos; incluídos os gastos necesarios para a súa conservación, mantemento e explotación.

Os licitadores farán constar nas súas ofertas expresa e detalladamente os medios materiais que decidan por a disposición dos servizos e consideren necesarios para o desenvolvemento dos labores previstos, tendo en conta que deberán prever os suficientes de reserva para suplir as incidencias que puidesen xurdir, e para que baixo ningún concepto se entorpeza a marcha normal dos traballos.

O Concello entenderá que os medios propostos foron considerados polo licitador como suficientes para a realización dos servizos. De non resultar así, o adxudicatario deberá por a disposición, ao seu risco e ventura, o necesario para a correcta prestación do servizo.

O adxudicatario comprométese, así mesmo, a dispoñer das instalacións precisas para a axeitada prestación dos servizos, nos termos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas

Os gastos de equipamento, así como de forma xeral todos os derivados da explotación e o mantemento das instalacións, serán por conta do concesionario; deberán reflectirse na oferta os programas de conservación das instalacións.

b. Medios persoais.

O concesionario queda obrigado, dende o momento do comezo da concesión, a tomar ao seu cargo, mediante subrogación dos contratos de traballo, ao persoal da actual concesionaria que se especifica no Anexo III do Prego de Prescricións Técnicas "RELACIÓN DO PERSOAL AFECTO AO SERVIZO", cuxo convenio de aplicación é o Convenio colectivo estatal das industrias de captación, elevación, conducción, tratamento, depuración e distribución de auga.

O concesionario atenderá a correcta prestación dos servizos empregando para iso o persoal técnico, administrativo, operarios, etc., preciso en cada momento. Estará obrigado a manter un persoal mínimo, persoal que deberá quedar plenamente reflectido e xustificado na súa oferta, conforme establece o Prego de Prescricións Técnicas.

Os licitadores achegarán na memoria complementaria á súa oferta unha proposta detallada das previsións de cadro de persoal e a relación de postos de traballo que se comprometen a manter durante a vixencia do contrato, con expresión das súas características esenciais. Asimesmo, detallarán os servizos de apoio que prevén externalizar ou xestionar con recursos propios da sociedade concesionaria, e non adscritos especificamente á concesión.

O concesionario ten deber de comunicarlle ao Concello o cadro de persoal e a relación de postos de traballo adscritos aos servizos, ao inicio da concesión -conforme á súa oferta-; así como as modificacións que introduza ao respecto. Estas modificacións precisarán autorización do Concello.

Unha vez adxudicada a concesión conforme ao cadro de persoal proposto, a contratación de novo persoal -segundo demanden as necesidades dos servizos- non poderá levala a cabo o concesionario sen a previa autorización do Concello; o concesionario responsabilizarase dos correspondentes despedimentos en caso de incumprimento; en xeral, calquera contratación non detallada na oferta inicial do concesionario nin correspondente á substitución de prazas xa existentes que queden vacantes, ou cobertura específica de circunstancias de carácter limitado no tempo (baixas, x.ex.) estará suxeita ao correspondente informe detallado no apartado de obrigas do concesionario, a fin de acreditar tanto a súa necesidade como que se trata dunha solución máis vantaxosa que a externalización de servizos de apoio.

Na Memoria complementaria á oferta, indicaranse o número de días de traballo e o horario que, en función da organización dos traballos prevista, se considere máis operativo, así como aquelas actuacións, tarefas ou servizos que se prevé realizar pola estrutura da propia empresa concesionaria ou a través de terceiros. Non obstante, para unha mellor prestación dos labores previstos e para a adaptación ás condicións do municipio, este horario deberá ser aprobado polos servizos técnicos municipais conforme ás necesidades dos servizos.

O Concello de Ames non terá ningunha relación xurídica, laboral ou de calquera outra índole co

persoal do adxudicatario nin durante a vixencia do contrato nin ao remate deste. Serán por conta do adxudicatario todas as obrigas, indemnizacións e responsabilidades que nacesen con motivo deste contrato de xestión de servizo público.

O contratista asumirá, en canto ás súas obrigas como empresario, todas as derivadas das leis laborais vixentes en cada momento.

Todo o persoal deberá estar dado de alta na Seguridade Social, ter seguro de accidentes e estar ao corrente no pagamento das correspondentes cotas.

O persoal adscrito ao servizo deberá estar debida e correctamente uniformado. En caso de falta de aseo, decoro, uniformidade no vestido ou falta de respecto ou consideración co público, será responsable o contratista fronte a este Concello e poderán impoñérselle as sancións correspondentes.

Neste sentido, os licitadores especificarán nas súas ofertas o equipo persoal e uniforme con que propoñen dotar todos os traballadores e traballadoras para cada un dos seus labores, así como a forma, calidade, cor dos tecidos, e a periodicidade e data de entrega.

Especificaranse uniformes de verán, inverno e chuva para operarios, encargados, condutores, etc., así como todo o equipo de seguridade persoal e especial para as operacións ou labores que así o esixan; todo iso de acordo coa lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde.

Todo o persoal deberá estar perfectamente identificado. O licitador propoñerá o sistema de identificación que considere máis eficaz.

Os licitadores deberán indicar nas súas ofertas os criterios de actuación para os aspectos relacionados coa formación do persoal, seguridade e saúde, e calquera outro que se considere conveniente.

CAPÍTULO III DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

Cláusula 12ª. -Da explotación dos servizos.

O concesionario tomará ao seu cargo a explotación e xestión integral dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Ames, e velará polo correcto funcionamento destes; adoptará as medidas oportunas para que sempre se atopen nas debidas condicións de uso e será, polo tanto, responsable dos devanditos servizos.

O adxudicatario queda obrigado á execución do contrato con estrito cumprimento das condicións recollidas neste Prego de Cláusulas Administrativas particulares e no de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dea a Administración ao adxudicatario; así como de cantas disposicións estean vixentes e resulten de aplicación á materia que constitúe o seu obxecto; comprométese, ademais, a achegar todos os elementos necesarios para levalo a bo termo, así como a realizar cantas xestións sexan necesarias para iso.

Cláusula 13ª. -Dos servizos que vai prestar o concesionario.

A xestión destes servizos implicará a realización dos traballos sinalados no Prego de Prescricións Técnicas, nos termos e condicións establecidos.

Cláusula 14ª. -En relación coa continuidade dos servizos.

Unha vez comezada a prestación dos servizos, estes non poderán suspenderse por motivo nin pretexto ningún; salvo de conformidade co establecido neste prego.

O concesionario debe garantir, de forma permanente, a prestación destes servizos, salvo interrupcións ocasionais motivadas por casos fortuítos ou de forza maior.

Se por causas de forza maior, o concesionario se ve na imposibilidade de prestar normalmente a totalidade ou parte dos servizos contratados, estará obrigado a poñer toda a dilixencia necesaria para o seu restablecemento, ben cos medios propios ou, mesmo, cos medios que crea necesario contratar con terceiros alleos aos servizos. En todo caso terá a obriga de adoptar cantas medidas sexan precisas para restablecer os servizos na maior brevidade posible, todas elas pola súa conta e ao seu cargo. Esta obriga esténdese ás obras de reparación incluso aínda que se teña excedido o importe máximo anual obrigatorio. Estas obras a maiores executaranse coa dilixencia necesaria e serán aboadas segundo o cadro de prezos unitarios das obras menores incluído como anexo IV do prego de prescricións técnicas, considerando no seu caso a rebaixa ofertada polo concesionario na súa proposición.

Nos casos nos que se produza unha interrupción dos servizos, o concesionario deberá procurar, en todo momento, a limitación, ao máximo, do tempo da súa duración. Para isto achegará os medios humanos e materiais necesarios para o seu restablecemento co fin de causar os mínimos trastornos pola interrupción.

En todas aquelas interrupcións dos servizos que poidan ser planificadas, o concesionario ten a obriga de notificarlo ao Concello con 48 horas de antelación.

CAPÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO DA CONCESIÓN

Cláusula 15ª. -Da retribución do concesionario.

O concesionario percibirá en concepto de retribución polos servizos obxecto de concesión:

- a. As tarifas pagadas polos abonados dos servizos, que serán as establecidas na ordenanza actual, salvo as taxas de conexión; ditas taxas de conexión son as determinadas actualmente nos artigos 6.1 da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, e 6.2 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga. Durante a vixencia da concesión os importes das taxas previstos nas correspondentes ordenanzas non serán obxecto de actualización, sen prexuízo do que resulte imprescindible para o seu axuste á oferta formulada polo concesionario, no referido aos prezos para as obras comprendidas nos dereitos de acometida.
- b. Os importes correspondentes á execución de pequenas obras encargadas polo Concello en base aos prezos incluídos en ANEXO IV do prego de prescricións técnicas, minorados coa correspondente baixa formulada pola sociedade concesionaria na súa oferta, no seu caso
- c. Calquera outro ingreso vinculado á explotación procedente de fontes públicas e/ou privadas.

Cláusula 16ª. -Canons a aboar ao Concello

Dentro da súa proposta económica, os licitadores ofertarán:

- Canon inicial a aboar ao Concello, cun mínimo de **208.579 euros**.

O canon fixo anual será aboado polo concesionario na conta que designe o Concello de Ames. O importe aboarse en dous pagos cuatrimestrais que se realizarán dentro do mes seguinte ao remate de cada cuatrimestre, o importe de cada pago é o resultado de dividir entre dous (2) o canon inicial ofertado polo concesionario, en caso de non resultar un importe exacto redondearase no último pago. Os cuatrimestres compútanse dende o inicio da prestación.

Cláusula 17ª. -Das tarifas.

As tarifas que o concesionario lles aplique aos suxeitos pasivos serán as que sinalen as correspondentes ordenanzas fiscais vixentes en cada momento. Hai que destacar que durante a vixencia deste contrato:

- Non se realizarán actualizacións de tarifas
- O Concello non realizará a adecuación de tarifas a tarifación por consumo real, dado que se require para esta implantación unha análise detallada que se prevé ter finalizada ao remate do prazo do presente contrato.

Na presentación de ofertas atenderase, en todo caso, a respectar o principio de suficiencia tarifaria.

Con respecto ás taxas do servizo de abastecemento e saneamento, estas deben autofinanciar a retribución do concesionario de acordo coa actualización prevista.

Co obxectivo de determinar uns límites tarifarios ao inicio da concesión, sinalase que:

- As tarifas dos servizos concesionados non superarán inicialmente as vixentes en 2014.
- Estes cálculos correspóndense con todos os custos contemplados no anteproxecto de explotación.
- O canon fixo que oferten os licitadores non será repercutible na tarifa.

Cláusula 18ª. -Da revisión das tarifas.

Debido ao horizonte temporal de nove (9) meses, non se prevé revisión das tarifas no período concesional.

Sen prexuízo do anterior, as tarifas revisaranse no suposto dunha modificación contractual a instancias do Concello de Ames que afecte ao mantemento do equilibrio do contrato.

A modificación das tarifas, en caso de necesidade de restablecer o equilibrio económico-financieiro da concesión, determinarase de conformidade co establecido no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais. Para estes efectos, o concesionario deberá presentar un estudo motivado relativo ao incremento de custos producido, se é o caso.

O Concello de Ames, como titular do Servizo do Ciclo Integral da Auga, terá a prerrogativa de sinalar ou modificar, en calquera momento, a relación co concesionario en canto á información e comunicacións que se deban subministrar ao Concello, relativas á xestión e control dos recibos que se emitan ou anulen.

Cláusula 19ª. -Equilibrio económico-financieiro da concesión.

O contrato de concesión deberá manter o seu equilibrio económico nos termos que foron considerados para a súa adxudicación, tendo en conta o interese xeral e o interese do concesionario, de conformidade co disposto a continuación.

O Concello de Ames deberá restablecer o equilibrio económico-financieiro da concesión, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

- a. Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características dos servizos contratados.
- b. Cando actuacións da Administración determinen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión, facéndoa máis gravosa para o concesionario, feito que se porá de manifesto a través de informe pericial contraditorio.
- c. Cando causas de forza maior determinen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión. Para estes efectos, enténdense por causas de forza maior as enumeradas no artigo 231 del TRLCSP.

Exclúese das obrigas de restablecer o equilibrio económico-financieiro da concesión a ampliación dos servizos de acordo co previsto no obxecto do contrato.

Nestes supostos, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poden consistir en:

- i. Modificación das tarifas que aboen os abonados e abonadas.
- ii. Modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

No caso de optar pola modificación das tarifas, o procedemento será o establecido na cláusula 18ª do presente prego.

Non se admiten outras alteracións do equilibrio económico a favor do concesionario. O risco e ventura do concesionario establécese na hipótese de que unha boa xestión supoña diminuír os custos efectivos sobre os previstos, capacidade de xestión recadatoria, a optimización do servizo e o aumento dos abonados e/ou consumos. Na súa vertente negativa establécese como a asunción de riscos inherentes á explotación do servizo.

CAPÍTULO V DO RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO DA CONCESIÓN

Cláusula 20ª. -Do control e inspección dos servizos.

A inspección dos servizos correspóndelle á Alcaldía-Presidencia. Esta función exercerase a través dos servizos técnicos municipais ou a persoa física ou xurídica que designe a Alcaldía.

Nas visitas de inspección, o concesionario facilitará o acceso a oficinas, instalacións e obras e o exame da documentación que, en xeral, estea obrigado a levar.

Así mesmo, o concesionario ten a obriga de acreditar ante o Concello, se así se lle require, o cumprimento das súas obrigas fiscais, laborais e coa Seguridade Social.

Cláusula 21ª. -Das infraccións.

As infraccións que poida cometer o concesionario clasificaranse en leves e graves, atendidas as circunstancias, intencionalidade e o prexuízo que se lles ocasione aos servizos, ás súas instalacións ou aos abonados; e en canto se refiran ao cumprimento dos horarios, regularidade nos servizos, relación da empresa co público e calquera outro extremo que implique incumprimento destas cláusulas e das contidas no Prego de Prescricións Técnicas.

Consideraranse infraccións graves:

- a) Non prestar os servizos do modo disposto nos pregos e no contrato.
- b) Abandono total ou parcial da prestación dos servizos, sen causa xustificada.
- c) Atraso no comezo da prestación dos servizos superior a sete días sobre a data prevista, salvo causa de forza maior.
- d) Atraso sistemático na prestación dos medios humanos e materiais establecidos.
- e) A cesión, transferencia ou novación da concesión ou da titularidade de calquera dos bens afectos a ela; así como gravalos ou hipotecalos sen consentimento da Corporación.
- f) A obstrución á tarefa de inspección e control por parte da Administración municipal.

- g) Irregularidades inadmisibles na prestación dos servizos conforme ás condicións deste prego e do de Prescricións Técnicas.
- h) A desobediencia das ordes oficiais recibidas do Concello relativas á orde, forma e réxime da concesión e, en xeral, ás normas que regulan a prestación dos servizos.
- i) incumprimento das ordes de modificación dos servizos dadas pola Administración.
- j) Neglixencia na conservación das obras, instalacións ou na prestación dos servizos, de forma que se deriven prexuízos moi graves respecto destes.
- k) Incumprimento das obrigas legais, en materia de Seguridade Social, lexislación laboral e seguridade e saúde laboral, primas de accidentes, etc.
- l) Incumprimento da lexislación ambiental.
- m) A utilización dos equipos e medios humanos adscritos a estes servizos fóra do seu ámbito, sen autorización previa municipal. Esta obriga exténdese ao equipamento posto a disposición do servizo en caso de ser imputado ao 100% ao mesmo durante a súa vixencia; en caso de imputacións parciais, deberá acreditarse mensualmente a efectiva disposición dos medios no porcentaxe imputado, presentándose o último día hábil de cada mes unha planificación de presenza dos medios durante o mes seguinte. O incumplimento en máis de cinco ocasións dentro dun bimestre desta planificación considerárase falta grave.
- n) Non admitir o goce dos servizos a toda persoa que cumpra os requisitos dispostos regulamentariamente.
- o) A conduta neglixente e as accións e/ou omisións dolosas que interfiran ou alteren discrecionalmente a regularidade dos servizos ou produzan danos nas instalacións ou prexuízos aos abonados.
- p) Non manter en bo estado de conservación nin efectuar as reparacións necesarias, para iso, nos bens e instalacións adscritos aos servizos, cos límites marcados na cláusula 27.i no que respecta ao mantemento correctivo das redes.
- q) Os incidentes do persoal adscrito á empresa adjudicataria cos abonados, tanto polo trato incorrecto coma por deficiencias na prestación dos servizos.
- r) O incumprimento non xustificado dos servizos, a non presentación dos partes de traballo e as súas deficiencias en canto a veracidade, falta de información ou calquera outro incumprimento que cause perturbación grave.
- s) Variación dos servizos establecidos (horarios, frecuencias, etc.) sen autorización expresa dos servizos técnicos municipais.
- t) Incumprimento da normativa municipal.
- u) Non facilitar á Administración as tarefas de inspección e control dos servizos. Expresamente, considérase falta grave non facilitar á Administración a información recollida na cláusula 27.B do presente prego.
- v) Calquera outra falta non contemplada nesta relación e que poida deteriorar de forma notable a prestación do servizo.

Consideraranse infraccións leves do concesionario calquera acción ou omisión deste que supoña infracción das prescricións do prego e do contrato que se formalice, e non supoñan, a xuízo do Concello, grave perturbación dos servizos ou dos intereses xerais.

Cláusula 22ª. -Das sancións ao concesionario e do procedemento sancionador.

As infraccións leves serán sancionadas polo Concello de Ames, con multa que pode ir dos 3.000,00 aos 6.000,00 euros.

As infraccións graves serán sancionadas con multa que pode ir dos 6.001,00 aos 36.000,00 euros.

Imporanse as devanditas sancións salvo cando proceda o secuestro ou a resolución do contrato por comisión de faltas graves, nos supostos establecidos no presente prego.

Os importes das sancións poderán facerse efectivos mediante dedución na retribución do concesionario por calquera concepto, mediante as liquidacións que procedan; a garantía depositada polo concesionario responderá igualmente da súa efectividade.

O anterior, sen prexuízo das indemnizacións a que teña dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polas demoras e incumprimentos do contratista, dos que, así mesmo, responde a garantía depositada.

Para a aplicación das sancións seguiranse as normas que para a tramitación de procedementos sancionadores resulten aplicables ás entidades locais.

Cláusula 23ª. -Do secuestro da concesión.

Se do incumprimento por parte do contratista se deriva perturbación grave e non reparable por outros medios nos servizos públicos e a Administración non decide a resolución do contrato, pode acordar a súa intervención ata que aquela desapareza.

Acordada a intervención dos servizos, o órgano de contratación que adxudicara o contrato procederá ao nomeamento do funcionario ou funcionarios que teñan que desempeñar as funcións interventoras e ás decisións do/s cal/es debe someterse o contratista durante o período de intervención.

En todo caso, o contratista debe aboarlle á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle irrogara.

A intervención dos servizos, cualificada no ámbito local como secuestro da concesión, procede nos seguintes casos:

- a. Desobediencia sistemática do concesionario ás disposicións da Corporación sobre conservación das obras e instalacións ou de mala fe na súa execución.
- b. Infracción de carácter grave por parte do concesionario que poña en perigo a boa prestación dos servizos públicos, incluída a desobediencia a ordes de modificación. Neste caso, o acordo da Corporación deberá notificárselle ao concesionario, de forma que, se este non corrixe a deficiencia dentro do prazo que se lle fixara, execútase o secuestro.
- c. Concorrenza de circunstancias, imputables ou non ao concesionario, que lle impidan prestar os servizos.

En virtude do secuestro, a Administración encargarse directamente do funcionamento dos servizos e da percepción dos dereitos establecidos, utilizando para iso o mesmo persoal e material do concesionario sen que se poidan alterar as condicións da súa prestación.

Para tal efecto, a Administración designará un Interventor técnico que substituirá plenamente os directivos da empresa concesionaria.

A explotación efectuarase por conta e risco do concesionario, ao que se entregará -ao finalizar o secuestro- o saldo activo que resultase despois de satisfeitos todos os gastos, mesmo os haberes do interventor.

A duración do secuestro será aquela que a Administración decida, atendidas as circunstancias que xustifican a intervención administrativa.

Normalmente, a duración do secuestro non poderá exceder da terceira parte do prazo que restase para o remate da concesión. Non obstante, en caso de extrema gravidade da situación da concesión, poderá manterse o secuestro ata o seu remate.

Poderá tamén cesar o secuestro a petición razoada do concesionario, cando xustifique poder proseguir a súa xestión.

Todo iso -e para o non previsto expresamente- de conformidade cos artigos 131 e seguintes do RSCL.

Cláusula 24ª. -Do rescate da concesión.

Por razóns de interese público, o Concello poderá acordar o rescate dos servizos para xestionalos directamente, logo do pagamento das indemnizacións que correspondan, conforme a art. 288.1 e 288.4 de TRLCSP.

Cláusula 25ª. -Da resolución do contrato de concesión.

Serán causas de resolución deste contrato de concesión, ademais das sinaladas no artigo 223 do TRLCSP, con excepción das contempladas nas súas letras e) e f), as seguintes:

- a) A demora superior a tres meses por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación a que se obrigou segundo o contrato.
- b) Rescate dos servizos por parte da Administración.
- c) A imposibilidade da explotación dos servizos como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato.

Nos supostos de resolución do contrato por algunha das causas expostas anteriormente, rexerá o disposto nos artigos 287 e 288 do TRLCSP.

Cláusula 26ª. -Dereitos do concesionario.

En relación coa Administración, o concesionario terá os seguintes dereitos:

- a. Percibir a retribución correspondente á prestación dos servizos.
- b. Manter o equilibrio económico-financieiro da concesión, nos termos previstos no presente prego e no artigo 282 do TRLCSP.
- c. Salvo os casos previstos no apartado b) desta mesma cláusula, a concesión enténdese outorgada a risco e ventura do concesionario.
- d. Utilizar os bens de dominio público necesarios para os servizos.
- e. Solicitar da Administración os procedementos de constrinximento, expropiación forzosa, imposición de servidumes e desafuzamento administrativo para a adquisición do dominio, dereitos reais ou uso dos bens precisos para o funcionamento dos servizos ou o cobramento das facturas que deban os abonados por servizos prestados.

No caso de que a Administración exercite a vía de constrinximento sobre os abonados dos servizos por non pagamentos ao concesionario, este terá dereito ao principal e aos xuros de mora devengados. A Administración corresponderalle a recarga de constrinximento legalmente establecida.

- f. O concesionario terá dereito á utilización da vía pública e terreos de dominio público precisos para a execución dos traballos propios dos servizos.
- g. Obter da Administración a protección necesaria para que poida prestar os servizos debidamente.
- h. Ser indemnizado polos danos e prexuízos que lle poida ocasionar a asunción directa da xestión dos servizos, se esta se producise por motivos de interese público independentes de culpa do concesionario.
- i. Obter Indemnización polo rescate da concesión.
- j. Calquera outro que se derive do presente Prego, contrato que se formalice e normativa de aplicación.

Cláusula 27ª. -Obrigas do concesionario.

Son obrigas do concesionario:

- a. Organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados neste, e suxeito ao establecido no correspondente Regulamento do Servizo aprobado polo Concello de Ames
- b. Prestar os servizos coa continuidade convida, e garantirlles aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o pagamento, se é o caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.
- c. Coidar da boa orde dos servizos, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía que conserva esta Administración.
- d. Suministrar toda aquela información de explotación que lle requira o Concello de Ames en tempo e forma. Esta obriga ten carácter de obriga esencial do contrato, de acordo co recollido no art. 223.f do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público
- e. Prestar os servizos a toda persoa que cumpra cos requisitos dispostos regulamentariamente.
- f. Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento dos servizos, agás cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

Para tal efecto, o concesionario subscribirá os seguros necesarios que cubran as súas responsabilidades pola execución do presente contrato, así como os danos que puidesen ser ocasionados a terceiros, ás propias instalacións municipais e á Administración contratante. O importe mínimo na póliza de responsabilidade civil será de dous millóns de euros (2.000.000 euros), e de seiscientos mil euros por sinistro (600.000 euros).

Esta póliza deberá permanecer vixente ao longo de toda a duración do contrato. O concesionario terá a obriga de entregar copia desta e dos sucesivos recibos do pagamento da prima á Administración.

A Administración reserva para si a facultade de comprobar a suficiencia da referida póliza, e poderá tomar as medidas preventivas que considere pertinentes en caso de que considere insuficiente a garantía.

O Concello resérvase expresamente o dereito ao regreso contra o contratista, mediante as accións legais procedentes en todos aqueles casos en que se lle declare responsable como consecuencia dos actos derivados do funcionamento normal ou anormal dos servizos comprendidos na concesión.

g. Adscribir aos servizos os medios persoais e materiais necesarios para unha axeitada prestación.

h. Non allear nin gravar bens afectos á concesión, sen autorización do Concello.

i. Manter en bo estado de conservación e efectuar as reparacións necesarias para iso nos bens e instalacións adscritos aos servizos. Esta obriga inclúe expresamente o mantemento das redes, preventivo e correctivo. Nembargante, no que respecta ao mantemento correctivo, dada a incertidume das redes e o limitado prazo do contrato e imposibilidade de facer una renovación da rede, a obriga de reparacións total durante o contrato non excederá un 10% dos ingresos totais previstos. Aos efectos de cumprimento deste límite, toda actuación de reparación deberá ser previamente suxeita a procedemento de aprobación expresa polo responsable do contrato, debendo ter sido xustificada polo concesionario a necesidade efectiva das reparacións e a valoración das mesmas. En todo caso considerárase debidamente xustificada a necesidade das reparacións naquelas actuacións de urxencia instadas expresamente polo responsable do contrato

j. Entregar ao Concello, no momento en que se extinga o contrato, toda a documentación e soportes informáticos utilizados na prestación dos servizos, tales como contratos de clientes, padrón do último trimestre, última lectura de contadores, así como calquera outro que estivese afecto ao normal desenvolvemento da súa actividade. Esta entrega deberá volcarse no soporte informático específico que o Concello indique oportunamente, debendo realizarse esta comunicación do soporte elixido con alomenos 3 (tres) meses de antelación sobre a data de fin do contrato.

k. Entregar ao Concello, en tempo e forma, coa periodicidade da facturación aos clientes, todos os padróns e información derivada da prestación dos servizos de Abastecemento domiciliario de auga potable, Saneamento e Depuración de augas residuais, así como da prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana para os que o feito impoñible sexa o recollido no art. 2.1 da ordenanza fiscal reguladora en soporte informático. Será responsabilidade do concesionario continuar coa incorporación das referencias catastrais dos inmobles na confección dos padróns fiscais (actualmente en curso)

l. Exercer por si a concesión e non a ceder ou traspasala a terceiros sen a autorización do Concello.

m. Calquera outra que derive do presente prego, contrato que se formalice, regulamento dos servizos, ordes e instrucións dos servizos e normativa de aplicación.

n. Asumir o importe dos gastos de publicidade de licitación do contrato.

o. Aboar o canon da auga e o canon de verteduras, así como calquera tributo vinculado á xestión do Ciclo Integral da Auga. Esta obrigación incluírá o abono por conta da sociedade concesionaria dos canons correspondentes aos consumos municipais, que se consideran incluídos dentro do prezo do contrato.

p. Xestionar os recursos de dereito público correspondentes á prestación dos servizos de Abastecemento domiciliario de auga potable, Saneamento e Depuración de augas residuais, así como da prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana para os que o feito impoñible sexa o recollido no art. 2.1 da correspondente ordenanza fiscal reguladora.

Isto inclúe todos aqueles traballos necesarios para a formación, o mantemento, a conservación e a depuración dos padróns fiscais e censos dos ingresos de dereito público relacionados co obxecto do contrato, así como para a xeración de liquidacións directas e autoliquidacións non xestionadas por padrón, que se realizarán de acordo coa normativa tributaria e demais normas aplicables. Implementaranse e desenvolveranse as correspondentes aplicacións informáticas, para ser utilizadas nos servizo contratados. En particular, terase en conta o réxime tarifario establecido na Ordenanza Fiscal da Taxa pola Prestación de Actividades e Servizos Relacionados coa Hixiene Urbana.

En relación cos traballos asignados á adxudicataria en materia de xestión tributaria, enuméranse con carácter simplemente descritivo, os seguintes:

- Traballos de alta, baixa, modificación e, se é o caso, depuración de erros nos censos e padróns durante os seus períodos de elaboración, contrastando a información contida nas bases de datos coa información achegada polos contribuíntes e emendando os defectos observados co obxecto de minimizar as incidencias que poidan producirse nos períodos de cobramento.
- Adecuación dos padróns, coas correspondentes altas, baixas e modificacións, ás Ordenanzas Fiscais e demais normativa vixente.

- Elaborar informes respecto de valores de defectuosa emisión, titularidades incorrectas e erros advertidos no desenvolvemento da xestión tributaria que poñan de manifesto a imposibilidade dunha efectiva realización das cotas ou a xeración de danos ou perdas a persoas ou institucións no caso de desenvolver plenamente os procedementos de cobramento previstos regulamentariamente. Nestes informes emitiranse propostas en relación a iso para que sexan estudadas e consideradas polo Concello.
- Colaboración na realización dos traballos materiais do proceso de xestión tributaria e, especialmente, de mantemento, conservación e depuración de datos fiscais.

A empresa adxudicataria formará os expedientes con propostas de baixa por incobrables que procedan e remitiraos á Tesouraría municipal para que sexan tramitados, se é o caso. Deberán xustificarse as circunstancias que acrediten a procedencia da proposta.

Corresponderalle ao adxudicatario a preparación dos seguintes expedientes e propostas de resolución que serán remitidas á Tesouraría do Concello para a súa tramitación:

- a) Concesión ou denegación de beneficios fiscais
- b) Resolución dos recursos interpostos contra calquera dos actos de xestión tributaria relacionados con estes recursos de dereito público.
- c) Devolución de ingresos indebidos

Colaborará na práctica de actuacións de comprobación limitada que procedan, e elaborará as propostas de liquidación resultantes das devanditas actuacións.

Realizará, ademais, cantos traballos de campo sexan ordenados dende o Concello para comprobar novos feitos impositivos non incorporados nos padróns fiscais relacionados co obxecto deste contrato, sen prexuízo da posibilidade de realizar propostas neste sentido.

En relación coas liquidacións, ordinarias e complementarias, e cos actos administrativos de calquera tipo que se elaboren e que deban ser notificados aos obrigados ao pagamento ou interesados, a actuación de notificación realizaraa empresa adxudicataria. Posteriormente, arquivaranse os documentos xustificativos. A notificación axustarase a criterios de seguridade e eficacia na súa realización; por este motivo, practicarase mediante correo certificado con xustificante de recepción na forma prevista polo artigo 105 da Lei xeral tributaria, ou por calquera outro procedemento de comprobada efectividade que permita ter constancia da recepción e un posterior seguimento en canto á súa correcta realización e notificación. Os gastos correrán por conta da empresa adxudicataria. Será igualmente obriga da empresa adxudicataria o control informático e documental das datas de notificación nos rexistros e antecedentes informáticos. Finalizadas as operacións de notificación ben por correo ou por calquera outro procedemento dos mencionados, a empresa adxudicataria porá a disposición do Concello os xustificantes co fin de que poida comprobarse e fiscalizarse, polo medio que se considere máis oportuno, a exacta coincidencia entre o actuado, as anotacións e a documentación xustificativa que o acredite. A empresa ademais confeccionará duplicados para os contribuíntes que os necesiten.

q. Xestionar a recadación en período voluntario das tarifas polos servizos derivados do Ciclo Integral da Auga, e da prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana para os que o feito impositivo sexa o recollido no art. 2.1 da correspondente ordenanza fiscal reguladora. A recadación, no caso da prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana será transferida ao Concello dentro dos quince días seguintes á finalización de cada período voluntario de pagamento. No mesmo prazo entregarse a liquidación correspondente ao devandito período conforme ás especificacións que para tal efecto determine o Concello, e que, como mínimo, conterà información de detalle das liquidacións postas ao cobramento, dos cobramentos realizados e das liquidacións pendentes de pagamento.

O período de facturación será o que estableza a ordenanza fiscal vixente en cada momento.

A título simplemente enunciativo, e entre outras actuacións nas que se requirirá a colaboración da empresa adxudicataria, detállanse as seguintes:

- Elaboración de propostas, por solicitude dos contribuíntes, relativas a fraccionamentos e aprazamentos no pagamento das débedas en período de pagamento voluntario, cálculo de intereses e control de pagamentos.
- Elaboración de propostas de resolución das reclamacións e/ou recursos presentadas

polos contribuíntes e obrigados ao pagamento, reclamacións que serán remitidas ao órgano municipal competente para á súa resolución.

- Atención e información nas oficinas do servizo aos contribuíntes que desexen efectuar pagamentos en período executivo das débedas liquidadas ao seu cargo, previamente a ditar a correspondente providencia de constrinximento, así como a expedición, nestes casos, dos documentos de cobramento para á súa remisión aos suxeitos pasivos que posibilite o seu posterior ingreso nas entidades colaboradoras.

r. Facturar nun só recibo, sempre que sexa posible, os diversos conceptos por subministración de auga, saneamento e actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, co seu IVE correspondente.

Para os efectos anteriores o Concello de Ames aprobará trimestralmente, ou coa frecuencia que se determine en cada momento na Ordenanza fiscal, o Padrón de Abastecemento domiciliario de auga potable, Saneamento e Depuración de augas residuais e outros servizos relacionados previstos nas correspondentes ordenanzas fiscais, así como da prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana para os que o feito impoñible sexa o recollido no art. 2.1 da súa ordenanza fiscal reguladora. Todos os traballos previos, así como os posteriores de emisión de recibos e xestión do cobramento realizaraos o concesionario, e asumirá todos os custos correspondentes imputables a estes.

O abono dos recibos deberá realizarse, nas contas abertas en entidades financeiras polo concesionario para tales efectos, mediante domiciliación bancaria, transferencia bancaria ou ingreso en metálico a través de documentos normalizados.

A recadación en período executivo correspóndelle ao Concello de Ames. O adxudicatario colaborará na elaboración material das providencias de constrinximento que expida o Servizo Municipal de Tesouraría e na súa remisión á Deputación Provincial da Coruña, de acordo coas normas establecidas por esta.

s. Subrogación do persoal adscrito ao servizo, non puidendo proceder ao despido de ningún persoal durante a duración do contrato **salvo causas disciplinarias debidamente acreditadas**. En caso de xubilación ou baixa dalgún dos traballadores, a empresa poderá optar a amortizar dita praza se co persoal restante é capaz de atender o servizo coa dilixencia debida.

t. En todo caso, considérase que o cadro de persoal actual é suficiente para a correcta atención cotiá do servizo. A sociedade concesionaria poderá prestar con recursos propios, ou a través de terceiros, todos os servizos de apoio ou de atención complementaria que considere precisos. En caso de que a frecuencia coa que se recorre a un servizo de apoio faga que, na opinión da sociedade concesionaria ou do responsable do contrato, sexa máis vantaxosa a adscrición de novo persoal ao servizo en lugar da contratación da prestación, esta contratación poderá ser proposta a aprobación do Concello, previa presentación de informe xustificativo e valoración por parte do responsable do contrato. O Concello poderá, motivadamente, aprobar ou rexeitar esta solicitude.

u. O futuro concesionario estará obrigado a asumir, xestionar e manter as novas infraestruturas que se engadan á rede de abastecemento, saneamento ou depuración.

v. O concesionario terá a obriga de levar unha contabilidade separada da actividade obxecto do contrato.

w. Ademais das obrigas recollidas expresamente nesta cláusula, serán de aplicación as previstas no regulamento municipal e demais normativa aplicable

Cláusula 28ª. -Potestades da Administración.

A Administración concedente ostentará as seguintes potestades:

1. Ordenar discrecionalmente, como o podería dispoñer se xestionara directamente os servizos, as modificacións nos concedidos que aconselle o interese público, e, entre outras:
 1. A variación na calidade, cantidade, tempo ou lugar das prestacións en que consistan os servizos.
2. Fiscalizar a xestión do concesionario. Para tal efecto poderá inspeccionar os servizos, as súas obras, instalacións, locais e a documentación relacionada co obxecto da concesión. Tamén será potestade da Administración ditar as ordes precisas para manter ou restablecer a debida prestación dos servizos.
3. Asumir temporalmente a execución directa dos servizos nos casos en que non os preste ou non os poida prestar o concesionario, por circunstancias imputables a este ou non.
4. Impoñer ao concesionario as correccións pertinentes por razón das infraccións que cometese.
5. Proceder ao rescate ou secuestro da concesión.
6. Calquera outra potestade que derive do presente prego.

Cláusula 29ª. -Obrigas do Concello.

Son obrigas do Concello:

- 1) Outorgar ao concesionario a protección axeitada para que poida prestar os servizos debidamente.
- 2) Manter o equilibrio financeiro da concesión na forma e condicións establecidas no prego.
- 3) Indemnizar o concesionario polos danos e prexuízos que lle poida ocasionar a asunción directa da xestión dos servizos por parte do Concello, se esta se producise por motivos de interese público independentes da culpa do concesionario.
- 4) Indemnizar o concesionario polo rescate da concesión.
- 5) Outorgar ao concesionario as facultades necesarias para prestar os servizos.
- 6) Calquera outra que derive da aplicación do presente Prego, contrato que se formalice e normativa de aplicación.

Cláusula 30ª. -Cesión do contrato.

Para que o adxudicatario poida ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros esíxese que:

- a. As calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante de adxudicación do contrato.
- b. O órgano de contratación autorice expresamente e con carácter previo a cesión.
- c. O cedente explotará os servizos polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato.
- d. O cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia esixible.
- e. A cesión, entre o adxudicatario e o cesionario, se formalice en escritura pública.

Cláusula 31ª. -Modificación do contrato.

A.-Modificacións por razóns de interese público

A Administración poderá modificar, por razóns de interese público, as características dos servizos concedidos. Cando as modificacións afectaren ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao concesionario de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

No caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento dos servizos carezan de transcendencia económica, o concesionario non terá dereito a indemnización por razón destes.

Cláusula 32ª. -Remate do contrato.

Ao remate do contrato por concluír o prazo da súa duración, así como por calquera outra causa das establecidas no presente prego de condicións, as obras, instalacións e infraestruturas básicas dos servizos devolveranse ao Concello, en perfecto estado de conservación e funcionamento e, para iso, estas manteranse en todo momento nas debidas condicións de uso. A devandita reversión non implica indemnización de ningunha clase por parte do Concello.

Para garantir o cumprimento desta obriga o Concello designará un interventor técnico da empresa contratista, o cal, cunha antelación de seis meses á data en que deba producirse a reversión, vixiará a conservación das obras, instalacións e demais bens suxeitos á devandita reversión, e informará á Corporación municipal sobre as reparacións e reposicións necesarias para mantelas nas condicións previstas. Esta obriga, dadas as características do presente contrato, esténdese unicamente ao mantemento e conservación das instalacións tal e como teñen sido recibidas, non estendéndose á introdución de melloras ou renovacións de rede salvo as expresamente ofertadas como melloras no seu caso.

En caso de desobediencia sistemática do concesionario ás disposicións da Corporación sobre conservación das obras e instalacións ou de mala fe na súa execución, a Corporación poderá asumir temporalmente a xestión directa do servizo, mesmo ata a terminación do contrato, utilizando para iso o mesmo persoal e material do contratista, sen prexuízo da indemnización que fose procedente polos danos e prexuízos que tal conduta do concesionario orixinase ao Concello. No mesmo caso, o Concello poderá acordar a resolución do contrato por incumprimento das obrigas do contratista e, en consecuencia, asumir a súa xestión directa ou contratar a dita xestión con outra empresa.

A partir dese momento comezará a contarse o prazo de garantía ao que se refire o presente prego.

Para levar a cabo a reversión, as partes ateranse ao previsto no artigo 131 do RSCL, normativa de contratación e demais disposicións concordantes.

Cláusula 33ª. -Prazo de garantía.

O prazo de garantía será de seis (6) meses e comezará a contarse a partir da data de remate do contrato pola causa que fose.

Cláusula 34ª. -Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que xurdan respecto do seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos sinalados no TRLCSP.

Os acordos que dite o órgano de contratación, logo de informe de Asesoría Xurídica, en exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación competente, os acordos do cal porán fin á vía administrativa e contra estes procederá recurso contencioso-administrativo, conforme ao previsto na Lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cláusula 35ª. -Risco e ventura.

O presente contrato entenderase concertado a risco e ventura do adxudicatario, quen deberá asumir o que a xurisprudencia denomina "a alea normal do contrato"; sen prexuízo do establecido no artigo 127 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

CAPÍTULO VI DA LICITACIÓN

Cláusula 36ª. -Tipo de licitación.

Dadas as características do presente contrato, non se establece tipo de licitación.

Cláusula 37ª. -Crédito orzamentario.

No presuposto vixente existe crédito axeitado e suficiente para a atención dos gastos derivados deste contrato, ata o importe que se estima que ascenderán estes gastos no presente exercicio, e que responden ás seguintes contías:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Crédito destinado a esta contratación
Auga, saneamento e depuración	161 227.11	1.553.250,00 €
Colaboración na recadación da taxa de RSU	162 227.99	81.862,50 €

Dado o carácter ampliable destas aplicacións, queda garantido en todo momento o respaldo presupostario para facer fronte aos gastos derivados do contrato.

Ao tratarse dun gasto de carácter plurianual, financiarase conforme ao disposto no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Cláusula 38ª. -Garantías.

a) Garantía provisional.

Non se esixe.

b) Garantía definitiva.

No prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se reciba o requirimento previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, o adxudicatario deberá acreditar a constitución, a disposición do órgano de contratación, dunha garantía definitiva por importe de 100.000,00 euros. De non se cumprir

axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e será de aplicación o disposto no artigo 103.4 do TRLCSP en canto á súa incautación.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado nos artigos 96 do TRLCSP e 55, 56 e 57 do RGLCAP, e deberá depositarse na Tesouraría do Concello de Ames.

Achéganse modelos de aval e de certificado de seguro de caución, como Anexos III e IV a este prego. Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días naturais, contados dende a data en que se lle notifique ao adxudicatario o acordo de modificación, co obxectivo de que a garantía garde a debida proporción co novo prezo modificado; en caso contrario, incorrerase en causa de resolución contractual. No mesmo prazo, contado dende a data en que se fagan efectivas, se é o caso, as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda; en caso contrario incorrerá en causa de resolución.

A garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

c) Devolución e cancelación das garantías

A devolución e cancelación das garantías definitivas efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 102 TRLCSP e 65.2 e 3 do RGLCAP.

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía. Transcorrido este prazo, a Administración deberá aboar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixese efectiva por causa imputable á Administración.

No suposto de recepción parcial, o contratista poderá solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía.

Transcorrido un ano dende a data de remate do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

Cláusula 39ª. -Confidencialidade.

Sen prexuízo das disposicións do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos seus aspectos confidenciais. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato e por estrita necesidade deste (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dous datos de carácter persoal). Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atopan en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estalo durante á súa vixencia. Para os efectos de cumprir o recollido no inicio deste parágrafo, o contratista comprométese explicitamente a formar e a informar o seu persoal das obrigas que dimanan do establecido nestas normas.

A entidade adxudicataria asinará co Concello un contrato de encarga, que conteña os requisitos sinalados no art 12 e concorrentes da LOPD, ao ter a adxudicataria unha relación de encarga de tratamento, na que o Concello é responsable dos seus propios ficheiros.

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no presente prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, cintas, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que

o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta a aquela que figura no contrato.

Cláusula 40ª. -Tramitación e procedemento de adxudicación.

I. Tramitación e procedemento de adxudicación do contrato.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto, mediante pluralidade de criterios, en aplicación dos artigos 138.2, 150 e 157 e seguintes do TRLCSP.

O expediente tramitarase polo procedemento ordinario, previsto no artigo 109 do TRLCSP.

II. Capacidade para concorrer.

Poderán participar nesta licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ninguna das prohibicións para contratar consideradas no artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Para acreditar a solvencia necesaria para asinar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para tal efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción, e deberase indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un de eles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte á Administración. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas suporá a exclusión do procedemento de adxudicación, a todos os efectos, das ofertas formuladas. Non obstante, se sobreviñese a vinculación antes de que conclúa o prazo de presentación de ofertas, poderá subsistir a oferta que determinen de común acordo as citadas empresas.

Consideraranse empresas vinculadas as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio.

III. Presentación de proposicións e perfil do contratante

As proposicións dirixidas á Sección de Contratación, presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, dende as 9:00 ata as 14:00 horas, no prazo de 15 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no boletín oficial da provincia. Se o último día de presentación fose domingo ou festivo, o prazo remataría o seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao Órgano de Contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo fixado no anuncio de licitación.

Transcorridos, non obstante, dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún concepto.

Para respectar o establecido no artigo 140.1 do TRLCSP os licitadores poderán designar como confidenciais algúns dos documentos achegados. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente no propio documento designado como tal, todo iso sen prexuízo do establecido na Lei sobre publicidade da adxudicación e información que debe darse aos licitadores.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e do de prescricións técnicas, e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas. Os contratistas interesados poderán examinar a documentación que conforma o expediente, na Sección de Contratación, no prazo e horario previstos no parágrafo anterior.

Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da páxina web municipal www.concellodeames.org, e dentro da mesma, no perfil do contratante, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151, 154 da TRLCSP.

IV. Contido das proposicións.

Os licitadores presentarán tres sobres pechados e asinados por eles mesmos ou polas persoas que os representen, nos que se indicarán ademais da razón social e da denominación da entidade concursante, o título do procedemento. Estes sobres conterán: o primeiro (A), a documentación esixida para participar no procedemento; o segundo (B), a documentación correspondente ás referencias técnicas; e o terceiro (C), a proposición económica axustada ao modelo que se inclúe neste prego.

*** Sobre A.**

* Título: SOBRE A "Documentación administrativa para participar no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo público do "Ciclo Integral da Auga" no Concello de Ames.

- CONTIDO:
- No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará o seguinte: "Documentación xeral para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, do *servizo público do ciclo integral da auga* do Concello de Ames, e, presentada por..... (nome ou denominación social, identificación fiscal, domicilio e teléfono)".
- Dito sobre poderá conter unha **Declaración responsable, consonte ao Anexo V** suscrito polo licitador ou o seu representante, e no que este recoñeza baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar nesta licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público.

De acordo co artigo 146.4 e 151.2 do TRLCSP, dita documentación deberá achegarse **UNICAMENTE** polo licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, debendo acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos que se sinalan a continuación.

Alternativamente, a acreditación do cumprimento de requisitos previos poderá efectuarse mediante a presentación dos seguintes documentos orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas:

a.-Capacidade de obrar.

a.1. -A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non for esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial.

a.2. -A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición nun rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación das certificacións que se indican no Anexo I do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

a.3. -As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, segundo dispón o art. 55 do TRLCSP.

a.4. -No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade ou documento que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

b.-Representación.

Os/as que comparezan ou asinen solicitudes de participación en nome doutro/a ou representen unha persoa xurídica, deberán acompañar tamén poder acreditativo da súa representación declarado cumprido polos Servizos Xurídicos do Concello de Ames, todo iso en orixinal ou copia compulsada. Igualmente deberán presentar fotocopia compulsada do DNI da persoa ao favor da cal se outorgou o apoderamento ou representación. Se o documento acreditativo da representación contivese delegación permanente de facultades, deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

c.-Declaración responsable, conforme ao modelo fixado no Anexo IV ao presente prego, de que o licitador, se se trata de persoa física, ou a empresa, os seus administradores e representantes, se se trata de persoa xurídica, así como o asinante da proposición, non están incurso en ningunha das prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, nos termos e condicións previstos neste. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas en período executivo de pagamento, salvo que estivesen garantidas, co Concello de Ames.

A xustificación acreditativa de tal requisito deberá presentala, antes da adxudicación, o empresario ao favor do cal se vaia efectuar esta.

d. -Acreditación da finalidade da empresa e da súa organización ou da titulación do licitador individual.

Os licitadores deberán presentar a documentación que acredite debidamente que a finalidade ou actividade da persoa física ou xurídica teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais.

Igualmente deberán acreditar que dispoñen dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para a debida execución do contrato.

e. -Solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 64 e 68 da lei.

e.1 Solvencia económica e financeira:

Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):

-Polo menos dúas declaracións apropiadas de entidades financeiras diferentes nas que estas se pronuncien expresamente sobre a solvencia económica e financeira da empresa licitadora para a realización do obxecto do contrato, de acordo co modelo que figura como anexo V a este prego.

-Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, nos termos establecidos na cláusula 27^a deste prego. No caso de que o seguro de indemnización por riscos profesionais non se estenda á totalidade do prazo de execución do contrato, o/a licitador/a deberá presentar, ademais da póliza correspondente, un documento, debidamente asinado, no que se reflecta o compromiso, no suposto de resultar adxudicatario/a, de renovación periódica do seguro que abranga a totalidade do prazo de concesión. A acreditación efectiva do cumprimento desta circunstancia deberá achegala o/a adxudicatario/a cunha antelación mínima dun mes con respecto á data de expiración daquel.

e.2 Solvencia técnica ou profesional:

Acreditarase polos seguintes medios (simultaneamente):

-Titulacións académicas e profesionais do persoal que o/a licitador/a teña asignado directamente ao Ciclo Integral da Auga, con indicación da súa antigüidade e experiencia.

-Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes. Cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, con todos os requisitos formalmente esixibles; cando o destinatario sexa un suxeito privado, os servizos acreditaranse mediante declaración responsable expedida por este.

Só serán admitidos na licitación aqueles licitadores que estean a prestar ou prestaran servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración, de forma conxunta ou separada, en, polo menos, dous municipios, e que a poboación dun deles sexa de máis de 12.000 habitantes, individualmente ou en unión temporal de empresas. Deberase acompañar certificado das administracións públicas en que están a prestar ou prestaran os devanditos servizos.

No caso de unións temporais de empresas, abonda con que unha das empresas integrantes da UTE reúna o dito requisito para acreditar a solvencia técnica da UTE.

-Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que dispón para a execución das actividades do Ciclo Integral da Auga.

f. -Unións temporais de empresas. Para que na fase previa á adxudicación sexa eficaz a unión temporal fronte á Administración deberán presentar, todos e cada un dos concursantes, os documentos esixidos na presente cláusula, ademais dun escrito de compromiso no que se indicarán: os nomes e circunstancias de quen a constitúa; a participación de cada un deles; a asunción do compromiso de constituírense formalmente en unión temporal en caso de resultaren adxudicatarios e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes cumpridos para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

No suposto de que o contrato se adxudicase a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o CIF asignado á devandita unión, antes da formalización do contrato. En todo caso, a duración da unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

g. -Xurisdición de concursantes estranxeiros. Os concursantes estranxeiros deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlles.

h. -Registro de licitadores. O certificado de inscrición no Registro de Licitadores do Estado, da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial da Coruña, eximirá os licitadores inscritos da presentación nas convocatorias de contratación da documentación relativa á personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e clasificación, así como das declaracións de non se atoparen incursos en prohibicións para contratar coa Administración, de estaren ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta certificación deberá acompañarse dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento en que se formalice o contrato.

i. -Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.

Os documentos deberán presentarse orixinais ou mediante copias destes que teñan o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada por funcionario/a habilitado/a para iso.

* Sobre B.

* Título: SOBRE B "Documentación relativa aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor para participar no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo público do "ciclo integral da auga" no Concello de Ames.

A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición co obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se efectuara a valoración daqueles.

* CONTIDO: Conterá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependen dun xuízo de valor e presentárense cumprindo o requisito establecido no artigo 26 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio. En particular:

A documentación técnica das ofertas presentárense estruturada conforme aos seguintes apartados, coa extensión que se crea conveniente. Os licitadores deberán achegar a documentación técnica, ademais de na forma convencional en formato papel, en soporte informático. A documentación técnica completa integrárense en arquivos con formato dixital editable de acordo ás condicións de compatibilidade seguintes:

- a) Textos e figuras: en formato *Microsoft Word*, versión *Office XP*.
- b) Datos numéricos: en formato *Microsoft Excel*, versión *Office XP*.
- c) Planos: en formato *dwg* de *Autodesk*, baixo *Windows*.

Non obstante, deberase presentar, en tomo separado e identificado como **"RESUMO TÉCNICO"** e seguindo a mesma estrutura, un resumo de toda a documentación cunha **extensión máxima de 200 páxinas a unha cara**.

Os licitadores só poderán propoñer unha solución por cada apartado do sobre B; descartárense variantes técnicas ou condicionadas.

1. proxecto de organización dos servizos proposto.

Para todos os apartados deste punto, deberá especificarse o custo asociado á proposta. Este custo deberá reflectirse convenientemente no Plan Económico Financeiro que se entregue xunto á oferta económica.

1.1 Medios persoais adscritos aos servizos. Os licitadores describirán de forma detallada como pretende levar a cabo os traballos necesarios para a xestión dos servizos, cos medios humanos que pon directamente a disposición destes, estrutura e organigrama do persoal, categoría profesional, retribucións salariais, convenio colectivo de aplicación, dedicación, funcións, quendas de traballo, plan de prevención de riscos laborais, plans de formación e promoción persoal, etc. Así mesmo, detallarán os medios humanos para outras tarefas relacionadas cos servizos financiados polos abonados, promotores, urbanizadores, etc. (estes traballos non deben interferir no funcionamento normal dos servizos):

1.1.1 Estrutura e organigrama do persoal.

Realízase un organigrama organizativo e estrutural de todos os servizos, cos medios humanos necesarios, así como a súa interconexión.

1.1.2 Táboa resumo de persoal adscrito ao contrato.

Detállase por servizo e categorías profesionais, diferenciando:

- Persoal de administración, mandos intermedios, taller, laboratorio, etc.
- Persoal directo: distinguir o servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros e depuración e outros servizos.
- Servizos de apoio: no caso de preverse apoio ao servizo con equipos externos, detalle de funcións previstas e pautas de intervención

1.1.3 Plan de persoal. Indicará, para cada mes, a previsión de persoal necesario por servizo e categoría profesional, dedicación, horarios, quendas e persoal de substitución necesario, de modo que sempre estean cubertos a totalidade de postos de traballo, a pesar das vacacións, días de permiso, horas sindicais, baixas, etc. Así mesmo, indicárense o plan de prevención de riscos laborais, os plans de formación e promoción de persoal. En caso de preverse incrementos sobre o cadro de persoal directo actual, detallárense número e xustificación dos mesmos. Detállase os recursos complementarios postos a disposición dos servizos, e, no seu caso, actuacións que se prevé realizar con persoal indirecto.

1.2 Medios materiais e técnicos postos a disposición dos servizos.

Os licitadores achegarán unha descrición dos medios materiais e técnicos que se comprometen a por a disposición dos servizos, coa súa valoración económica e porcentaxe de imputación dos mesmos á execución do contrato durante a duración do contrato.

1.2.1 Vehículos a disposición do servizo.

Con indicación da cantidade, uso e principais características técnicas (marca, modelo, potencia, capacidade, etc.). Indicárense para cada vehículo:

- Nivel de imputación a o servizo: Detállase se cada elemento vai estar adicado unicamente á prestación do servizo, ou se se imputa parcialmente, xustificando neste último caso a imputación parcial. En calquera caso é responsabilidade da sociedade concesionaria a correcta prestación do

servizo, de xeito que deberá en todo momento aportar ao seu risco os medios complementarios necesarios para a correcta execución do mesmo

- Réxime de propiedade: Aluguer, ou propiedade da empresa concesionaria. En caso de aluguer, presentaranse facturas proforma do custo mensual do mesmo. En caso de propiedade, si é un activo xa existente presentarase factura de compra e previsión de amortización a imputar ao contrato. Si é un activo que se adquirirá a posteriori, presentarase factura proforma e previsión de amortización a imputar ao contrato.

- prazo de posta en servizo para cada vehículo

1.2.2 Dependencias.

Oficinas, naves, talleres, almacéns, laboratorio, etc. con indicación expresa da súa situación e superficie.

1.2.3 Almacén de materiais.

Indicarase e relacionará o stock de material no almacén necesario para facer fronte a calquera avaría ou imprevisto.

1.2.4 Medios técnicos. Indicarase e relacionarán os medios técnicos, material e equipos a disposición dos servizos. Así mesmo, detallaranse os medios materiais e técnicos para outras tarefas relacionadas cos servizos financiados polos abonados, promotores, urbanizadores, etc., (estes traballos non deben interferir no funcionamento formal dos servizos).

2. Metodoloxía de xestión e mellora dos servizos propostos.

Para todos os apartados deste punto, deberá especificarse o custo asociado á proposta. Este custo deberá reflectirse convenientemente no Plan Económico Financeiro que se entregue xunto á oferta económica.

Explotación, mantemento, conservación, reparación e mellora dos elementos de tratamento, abastecemento, saneamento e depuración, onde os licitadores describirán a metodoloxía, programación e medios que se destinarán para cada un dos seguintes apartados. O detalle deberá ser coherente co sinalado polos licitadores nos puntos 1.1) e 1.2).

2.1 Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de abastecemento de auga potable. Inclúense todas as instalacións dende a súa captación ata a acometida domiciliaria.

2.2 Plan de control de calidade da auga potable, de acordo coa normativa vixente. Os licitadores incluírán nas súas ofertas un detallado plan de control de calidade da auga potable no que se definan a organización do control de calidade da auga, laboratorio, persoal, programa de análises xustificativas e organización para o cumprimento da lexislación vixente.

2.3 Plan de mellora do balance hidráulico do sistema de auga potable. No devandito apartado deberase especificar, como mínimo, as seguintes cuestións:

2.3.1 Plan de control permanente de fugas. As ofertas deberán incluír un plan de actuacións en busca de fugas e memoria dos sistemas para a busca de fugas a introducir polo licitador, cunha breve descrición deste e o seu funcionamento.

2.3.2 Plan especial para redución do consumo municipal en edificios, colexios, xardíns, piscinas, baldeos e demais instalacións dependentes do Concello.

2.4 Plan de xestión e lectura de contadores. Descrición detallada da metodoloxía, programación e medios que se destinarán para a lectura de contadores.

2.5 Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de saneamento. Os licitadores deberán prestar especial atención á limpeza da rede de sumidoiros e ao mantemento.

2.6 Plan de control de verteduras e fugas na rede saneamento.

2.7 Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das EDARs e Instalacións de Bombeos.

2.8 Sistema de comunicación e atención ao cliente.

2.8.1 Sistema de seguimento da flota de vehículos con GPS.

2.8.2 Plan de xestión comercial. Atención ao abonado. Describírase o programa informático comercial de clientes e o sistema de comunicacións co abonado e o Concello. Os licitadores deberán indicar o sistema informático de xestión de abonados que destinarán aos servizos. Igualmente deberase garantir que os 365 días do ano e as 24 horas diarias os subscritores poidan ser informados e realizar as xestións relativas aos servizos.

2.8.3 Plan de información, sensibilización e compromiso coa comunidade. As ofertas deberán indicar as campañas de información, publicidade, educación ambiental e compromiso coa comunidade que se comprometen a poñer en práctica, con especial fincapé no inicio dos servizos, indicando o custo económico que se comprometen a destinar a estas.

3. Plan de calidade dos servizos.

Incluirase un detallado Plan de Xestión de calidade e un Plan de xestión ambiental dos servizos ofertados.

4. Melloras relacionadas cos servizos.

Describíranse as melloras que o licitador propoña, as cales deben estar relacionadas cos servizos. Estas melloras deberán estar valoradas economicamente.

Detallarase separadamente neste apartado, no seu caso, obras de renovación da rede propostas.

Non se inclúen neste apartado as melloras relativas a incremento do custo máximo de obras de reparación por encima do esixido en pregos, que deberán detallarse en sobre C.

5. Información adicional ou complementaria.

As empresas licitadoras poderán achegar toda aquela información adicional, que consideren conveniente, sobre os aspectos relacionados no apartado anterior, mantendo a mesma estrutura e orde.

*** Sobre C .**

* Título: Proposición económica para participar no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo público do “Ciclo Integral da Auga” no Concello de Ames.

*** CONTIDO:**

Este sobre conterá a oferta económica e aqueles documentos relativos aos criterios de valoración, distintos do prezo, que deban avaliarse mediante a aplicación dunha fórmula.

a.-Proposición económica.

A oferta económica presentárase conforme ao modelo que se incorpora como **ANEXO I** a este prego.

Deberanse detallar:

- Canon inicial ofertado
- Baixa sobre os prezos de obras recollidos no ANEXO IV do prego de condicións técnicas.
- Porcentaxe máximo dos ingresos que se dedicará a reparacións

As proposicións presentáranse escritas a máquina ou con letra clara e non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou emendas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.

b.-Estudo económico-financeiro da concesión.

Os licitadores deberán achegar un estudo económico-financeiro da explotación do Ciclo Integral da Auga, cunha memoria explicativa, considerando unha duración de 9 meses. Nel xustificárase que as diferentes partidas que compoñen os custos de explotación dos servizos son razoables e aceptables para obter un nivel de prestación do servizo óptimo. A estrutura de custos -excluído o IVE- que deben presentar os licitadores para a valoración deste criterio é a que se inclúe no Prego de Prescricións Técnicas. En caso contrario, non se aceptarán ou homoxeneizaranse as ofertas económicas conforme a este prego.

O Concello de Ames non asumirá en ningún caso responsabilidade sobre as previsións de crecemento realizadas polos licitadores. Estas non poderán servir de base para futuras reclamacións de subas tarifarias fundamentadas sobre as desviacións do plan de ingresos ofertado polos licitadores.

v. -Constitución da Mesa de Contratación, cualificación de documentación e apertura de proposicións.

v.1 Constitución da Mesa.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións constituirase a Mesa de Contratación que estará integrada do seguinte xeito:

Presidente: O alcalde-presidente Santiago V. Amor Barreiro ou concelleiro/a que o substitúa.

Vogais

- a. A secretaria da corporación Rosa Ana Prada Queipo ou persoa que a substitúa
- b. O interventor da corporación José Antonio Rueda de Valenzuela ou persoa que o substitúa
- c. A Concelleira Delegada en materia de Medio Ambiente María Eugenia Martín Vicente ou concelleiro/a que a substitúa.
- d. A arquitecta técnica municipal dona María Gamundi Fernández ou persoa que a substitúa

Exercerá de secretaria/o da Mesa un/ha funcionario/a da Corporación.

A mesa nomeará, alomenos, un técnico na materia para o seu asesoramento, con voz e sen voto.

v.2 Cualificación da documentación de carácter xeral e defectos ou omisións emendables. A Mesa de Contratación cualificará previamente a documentación a que se refire o art. 146.1 do TRLCSP, contida no sobre A. Para os efectos da expresada cualificación, o presidente ordenará a apertura dos sobres, e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada comunicarlle verbalmente aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias salientadas deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación; concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixa ou emenden ante a propia Mesa de Contratación.

Do actuado anteriormente deixarase constancia na acta que necesariamente debe estenderse.

v.3 Valoración dos criterios de selección das empresas. Unha vez cualificada a documentación a que se refire o artigo 146.1 do Texto refundido da lei, a Mesa procederá ao exame e valoración da solvencia, conforme se prevé no artigo 82 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, con declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento. Para estes efectos, o órgano e a Mesa de Contratación poderán solicitar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requirilo para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de cinco días sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas conforme ao disposto no artigo 83.6 do RGLCAP.

v.4 Apertura das proposicións.

Concluída a fase anterior, celebrarase o acto público de apertura das proposicións, publicándose a data de celebración da mesma no Perfil de Contratante do Concello de Ames, acto que se desenvolverá de conformidade co establecido nos artigos 26 e 27 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, e, no non previsto neles, polo artigo 83 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Comezará o acto coa lectura do anuncio do contrato. A seguir procederase ao reconto das proposicións presentadas e á súa confrontación cos datos que figuren nos certificados estendidos polo xefe da oficina receptora destas. Feito isto, darase coñecemento ao público do número das proposicións recibidas e do nome dos licitadores, dando ocasión aos interesados para que poidan comprobar que os sobres que conteñen as ofertas se atopan na Mesa e en idénticas condicións en que foron entregados.

En caso de discrepancias entre as proposicións que figuren en poder da Mesa e as que como presentadas se deduzan das certificacións de que dispón a mesma, ou que se presenten dúbidas das condicións de segredo en que deberon ser custodiadas, suspenderase o acto e realizaranse urxentemente as investigacións oportunas sobre o sucedido. Se é o caso, volverase anunciar novamente e por escrito aos licitadores, a continuación do acto público unha vez que todo quedara aclarado na debida forma.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e da causa ou causas de inadmisión destas últimas e notificará o resultado da cualificación.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias. Se é o caso, a Mesa procederá ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións a que se refire o artigo 81.2 do RGLCAP.

Seguidamente, a Mesa procederá á apertura do sobre "**B**" das proposicións que fosen admitidas e someteranse aos informes técnicos que se consideren oportunos. No caso de que no sobre B figurase algún aspecto propio dos criterios do sobre C, quedará excluído o devandito licitador do procedemento, sen pasar a abrir o seu sobre C.

Valoradas as proposicións do Sobre B, a Mesa de Contratación realizará en **acto público** a apertura do **Sobre "C"**, publicándose a data de celebración no Perfil de Contratante do Concello de Ames. Inicialmente, nese acto público darase conta do resultado da cuantificación dos criterios de adxudicación aos que se refire o Sobre "B". A continuación abríranse os Sobres "C".

A Mesa de Contratación valorará os criterios de adxudicación contidos no Sobre C, de conformidade co previsto na Cláusula 40. VII deste PCAP. Antes da adxudicación, a Mesa de Contratación poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos.

Finalmente, valorará conxuntamente as ofertas presentadas, sumando os puntos obtidos por cada licitador nos diferentes criterios de adxudicación por orde decrecente, salvo as que se declarasen desproporcionadas ou anormais (artigo 152 LCSP).

Correspóndelle á Mesa efectuar proposta de adxudicación ao órgano de contratación nos termos do parágrafo anterior.

v.5. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola Mesa de Contratación en resolución motivada.

v.6. Renuncia do contratista.

A presentación da oferta vincula o contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución deste, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a xeito de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a adxudicación, c) antes da formalización do contrato, d) durante a prestación do servizo, e) á recepción, etc.) faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía definitiva, caso de ter sido constituída, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

vi.-Criterios base para a adxudicación.

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do procedemento aberto, serán os seguintes:

1. Canon inicial: ata 50 puntos

Deberase valorar ata un máximo de 50 puntos, conforme ao seguinte criterio (Sobre C):

O canon inicial mínimo ofertado non poderá ser inferior a 208.579 €

Canon inicial mínimo = 0 puntos.

Oferta máis alta admitida (Canon inicial máximo) = 50 puntos.

De acordo coa seguinte fórmula lineal:

$P_i = 50 (E_{Ci}/EC_{max})$, sendo:

- P_i : Puntuación outorgada á oferta i
- " E_{Ci} ": Alza sobre o canon inicial mínimo da oferta i
- " EC_{max} ": maior alza sobre o canon inicial mínimo de todas as ofertas admitidas.

1. Baixa sobre os prezos incluídos no Prego de Prescricións Técnicas:

Deberase valorar ata 10 puntos e será de aplicación a seguinte fórmula (Sobre C):

$P_i = 10 (B_i/B_{max})$, sendo:

P_i : Puntuación outorgada á oferta i .

B_i : baixa da oferta i

B_{max} : maior baixa de todas as ofertas admitidas.

2. Obras de reparación por enriba do mínimo esixido: ata 6 puntos

Deberase valorar ata 6 puntos e será de aplicación a seguinte fórmula (Sobre C):

Non se admitirán ofertas nas que $O_i < O_{base}$

Se $O_i = O_{base}$ entonces $P_i = 0$.

Se $O_i > O_{base}$ entonces $P_i = 6 \times (O'_i / O'_{max})$, sendo:

O_i : porcentaxe dos ingresos que se ofrece como límite das obras de reparación na oferta i (en tanto por cen e redondeado a 2 decimais),

O_{base} : Porcentaxe de ingresos tomado como base de licitación segundo a cláusula 27.i do prego de cláusulas administrativas,

P_i : Puntuación outorgada á oferta i ,

O'_i : Puntos porcentuais por enriba do mínimo esixido da oferta i (é dicir: $O'_i = O_i - O_{base}$, expresado en tanto por cen),

O'_{max} : maior diferenza en puntos porcentuais sobre o mínimo esixido de todas as ofertas admitidas (é dicir: $O'_{mx} = O_{max} - O_{base}$, expresado en tanto por cento).

3. Proxecto de organización dos servizos: ata 12 puntos (Sobre B):

3.1. Organización pranteada do servizo que permita garantir a calidade do servizo suxeita ás dimensións actuais do cadro de persoal: ata 6 puntos.

3.2. Medios materiais e técnicos postos a disposición dos servizos: ata 6 puntos.

4. Metodoloxía de xestión e mellora dos servizos: ata 13 puntos (Sobre B).

4.1. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de abastecemento: ata 5 puntos.

4.2. Plan de control de calidade da auga potable: ata 2 puntos.

4.3. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de saneamento: ata 2 puntos.

4.4. Plan de control de verteduras e fugas de saneamento: ata 2 puntos.

4.5. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das EDARs e estacións de bombeo: ata 2 puntos.

5. Melloras relacionadas co servizo: ata 9 puntos

5.1. Obras de renovación: ata 4 puntos

5.2. Outras melloras: ata 5 puntos

vii.-Baixa desproporcionada ou anormal.

Terán a consideración de baixa desproporcionada ou anormal aquelas ofertas nas que a alza sobre o canon inicial medida como porcentaxe sobre o canon mínimo sexa superior en máis de 20 unidades porcentuais sobre a media aritmética das ofertas presentadas.

Cando os licitadores non xustifiquen, de acordo co establecido no artigo 152.3 do TRLCSP, que a súa oferta, identificada inicialmente como desproporcionada ou anormal, poida ser cumprida, ou cando dita xustificación sexa considerada insuficiente, ditas ofertas quedarán excluídas da clasificación e non serán tidas en conta á hora de valorar as ofertas económicas.

Cláusula 41. -Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación

1 O órgano de contratación, conforme ao artigo 151 do TRLCSP, clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a devandita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego e poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

2. O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa, sen atender exclusivamente ao valor económico, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación disto, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, de dispoñer do seguro de responsabilidade civil ao que se refire a cláusula 27^a, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No caso de unión temporal de empresas, escritura pública de formalización da devandita UTE validada pola Secretaría Xeral do Concello de Ames. Na escritura deberase indicar a duración da UTE, e esta deberá coincidir coa duración do contrato ata a súa extinción.

De non se cumprir axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e procederase, nese caso, a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

3. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificaráselle aos candidatos ou licitadores. Ao mesmo tempo, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitirlle ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40 do TRLCSP, un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeita a súa candidatura.
- Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.

En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre as que presentaron os restantes licitadores con ofertas admitidas.

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153.

Na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao artigo 156.3.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción por parte do destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións.

Cláusula 42. -Publicación da formalización e formalización do contrato

O contrato terá a publicidade prevista no artigo 154 do TRLCSP e formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que reciban a notificación da adxudicación os licitadores e candidatos na forma prevista no TRLCSP. O devandito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que no seu caso se esixise.

Sen o requisito da formalización, non se tramitará ningunha certificación de pagamento ao contratista, nin poderá iniciarse a execución do contrato.

No suposto de que o contratista opte por formalizar o contrato en documento público notarial, correrán pola súa conta todos os gastos que orixine tal formalización.

O documento de formalización do contrato, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, terá natureza contractual.

Cláusula 43.- Gastos de anuncios e tributos

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios e boletíns oficiais e medios de comunicación, así como os de adxudicación, e de ser o caso, doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente.

Así mesmo deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

ANEXO I MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/a (nome e apelidos da persoa individual que licita), con domicilio en _____, provisto do Documento Nacional de Identidade número _____, en plena posesión da súa capacidade xurídica ou de obrar, actuando en nome propio ou en representación de _____, conforme acredito con poder verificado, invitado/a a participar no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo

público do Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, declaro coñecer o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base a este contrato, e aceptalo en todo o seu contido, así como os demais documentos que constan unidos ao expediente da súa razón, e comprométome á súa realización nos seguintes termos:

- * Canon inicial:.....euros (en cifras e letras).
- * Porcentaxe de baixa sobre prezos de obras:.....(porcentaxe sobre prezos incluídos no Prego de Prescricións Técnicas. Esta porcentaxe expresarase en cifra e letras).
- * Porcentaxe dos ingresos ofertado como límite máximo do importe das reparacións ao efecto do disposto na cláusula 27.i:.....(en porcentaxe dos ingresos totais incluído o mínimo esixido. Esta porcentaxe expresarase en cifra e letras).

O importe do imposto sobre o valor engadido deberá figurar como partida independente.

(Lugar, data e sinatura).

ANEXO II MODELO DE AVAL

A Entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (para os efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrígalo neste acto, segundo resulta da verificación de poderes que se indica na parte inferior deste documento, AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impón/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Ames, por importe de: (en letras e en cifras).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do Concello de Ames, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Ames, ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso, autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

(Lugar e data) (razón social da entidade) (sinatura dos apoderados)

VERIFICACIÓN DE PODERES POLA ASESORA XURÍDICA DO CONCELLO DE AMES OU AVOGACÍA DO ESTADO Provincia Data Número ou código

ANEXO III MODELO DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN

Certificado número (1) (en diante, asegurador), con domicilio en, rúa, e NIF, debidamente representado por Don /a (2), con poderes suficientes para obrígalo neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento ASEGURA A (3), NIF, en concepto de tomador do seguro, ante (4), en diante asegurado, ata o importe de _____ euros) (5), nos termos e condicións establecidos en da Lei de contratos do sector público, normativa de desenvolvemento e prego de cláusulas administrativas particulares por a que se rexe o contrato (6), en concepto de garantía (7), para responder das obrigas, penalidades e demais gastos que se poidan derivar conforme ás normas e demais condicións administrativas precitadas fronte ao asegurado.

O asegurador declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos esixidos no artigo 57.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida nin este liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía. O asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

O asegurador asume o compromiso de indemnizar o asegurado ao primeiro requirimento do Concello de Ames, nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público e normas de desenvolvemento.

O presente seguro de caución estará en vigor ata que (4), ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

Lugar e data. Sinatura: Asegurador

VERIFICACIÓN DE PODERES POLA ASESORA XURÍDICA DO CONCELLO DE AMES OU AVOGACÍA DO ESTADO

Provincia Data Número ou código

Instrucións para cubrir o modelo

- (1) Expresará a razón social completa da entidade aseguradora.
- (2) Nome e apelidos do/s apoderado/s.
- (3) Nome e apelidos/razón social do tomador do seguro.
- (4) Órgano de contratación.
- (5) Importe polo que se constitúe o seguro.
- (6) Identificar individualmente de forma suficiente (natureza, clase, etc.) o contrato en virtude do cal se presta a caución.
- (7) Expresar a modalidade de seguro de que se trata, provisional, definitiva etc.

ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSOS EN PROHIBICIÓN E INCOMPATIBILIDADES PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN.

D./D^a....., con DNI/NIF..... en nome propio ou en representación da empresa....., con CIF nº....., en calidade de.....

DECLARA: I.-Que a citada sociedade, os seus administradores e representantes, así como o/a asinante, non se encontran comprendidos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), nos termos e condicións previstos neste. II.-Que a citada empresa está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non ten débedas en período executivo de pagamento co Concello de Ames.

..... de..... de.... Asdo.:

ANEXO V.- Modelo declaración responsable para licitar:

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración
2. Que en relación co expediente cumpre cos requisitos de solvencia esixidos nos pregos
3. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adxudicación, e no prazo conferido ao efecto.

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO “CICLO INTEGRAL DA AUGA” NO CONCELLO DE AMES.

ÍNDICE:

1. OBXECTO DO CONTRATO.
2. ÁMBITO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.
3. DURACIÓN DO CONTRATO.
4. TITULARIDADE DO SERVIZO.
5. SERVIZOS COMPRENDIDOS.
6. OBRAS E INSTALACIÓNS A ENTREGAR AO CONCESIONARIO.
7. SEGUIMENTO, CONTROL E XESTIÓN DOS SERVIZOS.
 1. Comunicaci3ns entre concesionaria e Concello.
 2. Seguimento e control dos traballos.
 3. Inform3tica e comunicaci3ns.
 4. Informaci3n do servizo.
 5. Sistema de xesti3n de calidade e ambiental.
 6. Prevenci3n de riscos e seguridade laboral.
 7. Servizos de soporte t3cnico.
8. ORGANIZACI3N DOS SERVIZOS.
 1. Medios persoais.
 2. Medios materiais.
9. OBRAS E INSTALACI3NS POR CONTA DO CONCELLO DE AMES.
10. OBRAS POR CONTA DA CONCESIONARIA.
11. EXPLOTACI3N, MANTEMENTO, CONSERVACI3N E REPARACI3N DAS OBRAS E INSTALACI3NS DO SERVIZO.
 1. Abastecemento de auga potable.
 2. Saneamento.
 3. Depuraci3n de augas residuais.
 4. Obras ou actividades complementarias.
12. RECLAMACI3NS E RESPONSABILIDADE DA CONCESIONARIA.
 1. Reclamaci3ns.
 2. Responsabilidade.
 3. Seguro de responsabilidade civil.
13. COMUNICACI3N, CONCIENCIACI3N E FORMACI3N CIDAD3

ANEXOS:

ANEXO I: INSTALACI3NS ADSCRITAS AO SERVIZO.

ANEXO II: DESCRICI3N XERAL DO SERVIZO.

ANEXO III RELACI3N DO PERSOAL AFECTO AO SERVIZO.

ANEXO IV: CADRO DE PREZOS UNITARIOS.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego ten como obxecto a descrición das condicións técnicas que rexerán para a prestación dos servizos incluídos no "**CICLO INTEGRAL DA AUGA**", constituído polos servizos públicos de **ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS** no territorio municipal de Ames.

Considéranse actividades do Servizo a subministración domiciliar de auga potable que inclúe a captación, condución, tratamento, almacenamento, impulsión e distribución de auga potable ata a acometida dos subscritores, así como a explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións, da rede xeral de sumidoiros e depuración de augas residuais e as obras complementarias destes. Para todos os efectos, considérase a rede de pluviais como parte integrante da rede de saneamento municipal.

A explotación do servizo, comprende, así mesmo, a xestión administrativa do servizo, co contido e funcións que se especifican no presente Prego de Prescricións Técnicas e no Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexe este contrato.

2. ÁMBITO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O ámbito no que se deberán prestar os servizos incluídos no presente contrato comprende:

- todas as zonas nas que exista abastecemento de auga potable e/ou saneamento propiedade do Concello.
- as novas urbanizacións e instalacións que sexan incorporadas ao Concello para a prestación destes servizos en todo o territorio municipal de Ames ou fóra del e que o Concello poña a disposición do concesionario, tendo en conta que a vontade do Concello é a de ampliar progresivamente a cobertura dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais ao conxunto do territorio municipal.

3. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración da concesión fíxase en **NOVE(9) MESES** dende o inicio da explotación, non prorrogable.

4. TITULARIDADE DO SERVIZO

O Concello de Ames conserva, para todos os efectos, a titularidade do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e Depuración de Augas Residuais e, en consecuencia, mantén a potestade de dispoñer, regular, organizar e, se é o caso, modificar a prestación do servizo e, ao propio tempo, exercerá as facultades de control e fiscalización sobre a xestión deste.

Para os efectos anteriores, os logotipos, vehículos, carteis de obras e material imprimido que puidese utilizar o concesionario do servizo, conterán ademais da súa propia identificación, referencia á titularidade do Concello de Ames ocupando un lugar preferente.

5. SERVIZOS COMPRENDIDOS

Están incluídos no presente contrato a prestación dos seguintes servizos, por conta da concesionaria:

1. Servizo de abastecemento de auga potable que comprenderá o seguinte:

Explotación, mantemento, conservación e reparación de:

- 1.a.1. As captacións de augas e as súas impulsións.
- 1.a.2. As estacións de tratamento de auga potable e as súas impulsións.
- 1.a.3. Os depósitos e as súas impulsións.
- 1.a.4. A rede de conduction.
 - 1.a.4.a. Distribución de auga potable dende os depósitos aos abonados.
 - 1.a.4.b. Subministración de auga potable en alta a outros concellos.
 - 1.a.4.c. O pagamento de auga en alta proveniente doutros concellos.
 - 1.a.4.d. Instalación, execución, reparación e substitución de acometidas á rede de distribución, cos límites detallados no apartado de obrigas do concesionario do presente prego.
 - 1.a.4.e. Vixilancia, control e analítica da calidade da auga, segundo a lexislación vixente en cada momento.
 - 1.a.4.f. Instalación, conservación e reposición de contadores individuais e/ou xerais de consumo.
 - 1.a.4.g. Lecturas dos contadores de consumo de auga, expedición de listados de cobramentos, altas, baixas, modificacións de contribuíntes e mantemento dos censos de auga potable, rede de sumidoiros e depuración.

- 1.a.4.h. O concesionario asumirá os ingresos de dereito público que deriven dos consumos municipais, sen que poida repercutilos ao Concello por entenderse incluídos no prezo do contrato
2. O servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais que comprenderá:
- Explotación, mantemento, conservación e reparación de:
 - Redes de augas pluviais e residuais, incluídas conducións, pozos de rexistro e calquera outro elemento das devanditas redes.
 - Pozos de bombeo, tanques de tormenta e aliviadoiros.
 - Bombeos, estacións depuradoras de augas residuais (de todo tipo) e emisarios.
 - Pago da depuración realizada noutros concellos e cobro a outros concellos da depuración e suministro realizada desde instalacións incluídas no ámbito do servizo.
 - Instalación, execución, supervisión, conservación e reparación das acometidas domiciliarias ás redes xerais.
 - Desatasco das conducións, incluso naqueles casos provocados por actuacións de terceiros, sen perxuízo da eventual repercusión pola concesionaria aos causantes.
 - Revisión con cámara das conducións sempre que o responsable do contrato o considere necesario e co visto e prace dos servizos técnicos municipais.
 - Control de verteduras efectuadas á rede de sumidoiros, conforme ao Regulamento Municipal de Verteduras e Depuración de Augas Residuais e/ou demais normativa vixente.
 - Control de verteduras efectuadas ao dominio público hidráulico ou a calquera outro medio receptor por parte de particulares, empresas, etc.
 - Vixilancia, control e analítica da auga residual na rede de saneamento e nas augas influentes e efluentes das estacións depuradoras.
 - Xestión e transporte de residuos e lamas xerados nas Estacións Depuradoras de Augas Residuais, Bombeos de Augas Residuais e demais instalacións.
 - Pagamento do coeficiente de vertedura ou das taxas e impostos vixentes en cada momento.
1. Nos puntos 1 e 2 anteriores inclúense expresamente as tarefas preparatorias para a posta en funcionamento de novos tramos a incorporar ás redes, incluída no seu caso a revisión con cámara dos novos tramos.
2. Cobramento das taxas ou tarifas xeradas polos servizos públicos de Abastecemento de auga potable, saneamento, depuración de augas Residuais e recollida, traslado, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos, coa frecuencia que en cada caso indique o Concello. Inicialmente prevese que este cobramento se realice trimestralmente.
3. Vixilancia e control das obras executadas no municipio relacionadas cos servizos obxecto do contrato.
4. Labores de inspección para detectar anomalías relacionadas cos servizos obxecto deste contrato e optimizar a prestación dos servizos.
5. A realización de estudos, anteproxectos, informes técnicos, plans e traballos varios relativos aos servizos prestados que foran precisos ou que solicite o Concello.
6. Servizo de garda que permita intervir en caso de emerxencias ou realizar actuacións necesarias.
7. En xeral, todas as actuacións recollidas no presente prego, nos pregos de prescricións técnicas particulares vixentes no Concello e nos regulamentos e ordenanzas dos servizos obxecto do contrato existentes ou que poidan existir.
8. Execución de obras, en base á baixa que oferte o licitador sobre a base de prezos incluídos no **ANEXO IV: CADRO DE PREZOS UNITARIOS** deste prego, coa baixa correspondente ofertada no seu caso. En caso de que unha unidade de obra non estea incluída no devandito anexo, elaborárase un novo prezo a partir dos incluídos nos descompostos. De non existir nos descompostos, compoñeráse un novo sobre a base de prezos de mercado. En todo caso, será preceptiva a aprobación por parte do Concello de todo novo prezo.

9. Análise das augas de piscinas e fontes de uso público existentes no Concello.

Como obriga xeral, e dentro do contrato, o concesionario deberá asegurar o cumprimento de toda a normativa europea, nacional, autonómica e Local, referente aos servizos do ciclo integral da auga.

As empresas poderán propoñer todos aqueles servizos adicionais, dentro do contrato, que estimen convenientes, sempre que incidan directamente nos servizos obxecto de contrato.

6. OBRAS E INSTALACIÓNS QUE SE LLE ENTREGAN AO CONCESIONARIO

O Concello de Ames poñerá a disposición do concesionario e para os efectos de explotación do Servizo, as edificacións, obras, instalacións e maquinaria de propiedade ou titularidade municipal que integran os sistemas de abastecemento, tratamento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, as cales se definen no Anexo I do presente prego de prescricións técnicas, así como aquelas que reciba ou execute directamente o Concello de Ames durante a vixencia da concesión e poña a disposición do concesionario.

O Concello de Ames confire ao concesionario o dereito, durante a vixencia do contrato, a utilizar as instalacións existentes e futuras que se agreguen, recoñecéndolle as facultades de xestión do Servizo obxecto deste contrato, sempre e cando o Concello non entenda que o devandito uso vai en detrimento destas, ou en prexuízo dos abonados.

A utilización por parte do concesionario de tales edificacións, instalacións, infraestrutura e demais medios será para prestar exclusivamente o Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e Depuración de Augas Residuais do Concello de Ames, salvo que o Concello, por razóns de interese público, establecese o contrario.

Todas as edificacións, obras, instalacións e maquinaria cedidas para o seu uso por parte do concesionario, así como o material en stock, incluíranse nun inventario detallado que deberá realizar e formalizar o concesionario no prazo de dous (2) meses dende a data de sinatura do contrato.

Este inventario estará permanentemente actualizado, de modo que se modificará inmediatamente cando se amplíen ou diminúan os bens nel incluídos.

7. SEGUIMIENTO, CONTROL E XESTIÓN DOS SERVIZOS

7.1. Comunicacóns entre a concesionaria e Concello

O concesionario deberá facilitar, ademais dun número de fax e dun correo electrónico, un número de teléfono fixo e móbil que permita contactar, en caso de necesidade durante as vinte e catro (24) horas do día e todos os días do ano, co xefe do servizo ou, na súa ausencia, coa persoa con capacidade de decisión que o substitúa.

As comunicacións entre o concesionario e o Concello realizaranse preferentemente por medio que permita o rexistro destas, ben sexa de forma escrita ou por medios electrónicos que permitan o seu arquivo.

As incidencias do servizo comunicadas ao concesionario, calquera que sexa a súa procedencia ou vía de comunicación, deberán ser anotados no programa informático en tempo real.

O responsable do servizo deberá presentarse sempre que lle sexa requirido, nas horas e dependencias municipais indicadas, para recibir as instrucións pertinentes para a mellor prestación do servizo.

En todo momento, a concesionaria facilitará ao Concello a información actualizada relativa á xestión do servizo, coa periodicidade mínima establecida que determine este (mínimo semanalmente), para facer consultas e xerar informes que permitan realizar o seguimento dos traballos contratados

A información da que dispoña a empresa concesionaria estará en soporte dixital editable. A información será remitida ao Concello vía correo electrónico ou, no caso de intercambio de grandes volumes de información, vía FTP, polo que a empresa dispoñerá dos sistemas e aplicacións necesarias para prestar os referidos servizos, logo da aprobación dos servizos técnicos municipais.

Deste modo, garantirase o **acceso a toda a información relacionada co servizo**.

O concesionario facilitará ao Concello a información sobre os medios e programas necesarios e reflectirá na oferta os medios propostos e a súa valoración económica. Así mesmo, facilitará ao Concello as licenzas que sexan necesarias, asumindo a concesionaria o custo destas.

Trimestralmente a concesionaria entregarálle ao Concello toda a información en formato físico (papel, CD, DVD, etc.) que este lle indique.

7.2. Seguimento e control dos traballos

O concesionario deberá elaborar, mediante un sistema de xestión informático, a planificación e organización dos servizos, detallando os medios (persoal, vehículos, medios mecánicos, etc.) que estea a empregar, co fin de facilitar a realización das **comprobacións oportunas**.

O **servizo municipal** correspondente vivirá e controlará en todo momento a forma de prestación dos diferentes servizos adxudicados en relación coas especificacións dos pregos de condicións.

Todas as dependencias, útiles e toda a documentación relacionada co servizo estará a disposición dos servizos de inspección municipais competentes.

O persoal que vaia desempeñar as inspeccións, deberá comunicalo á empresa concesionaria, agás no suposto de calquera tipo de incidencia grave no servizo. Neste caso, e sen previo aviso, terá libre acceso aos locais e dependencias do concesionario e deberánselle facilitar cantos datos solicite.

As funcións dos servizos de inspección municipais serán as seguintes:

- Controlar que a xestión dos servizos se efectúa oportunamente e na forma correcta, tanto técnica coma economicamente.
- Controlar se se cumpre tanto o estipulado nos pregos, como nos posibles compromisos posteriores do concesionario.
- Determinar se os equipos, maquinaria e ferramentas de que dispoña o concesionario para a realización dos diferentes labores, satisfán as condicións esixidas nos pregos e son conforme á oferta presentada.
- Vivir se os aseo, vestiarios e competencias do persoal afecto ao equipo do concesionario reúnen as condicións esixidas ao seu rango, lugar de actuación e importancia da misión que teña encomendada.

Á vista do resultado destas inspeccións, determinaranse as correccións ou modificacións que se consideren oportunas na organización dos traballos.

7.3. Informática e comunicacións

A empresa concesionaria establecerá os procedementos axeitados e dotarase dos medios necesarios (hardware e software) para cumprir coas condicións recollidas no presente prego respecto ás comunicacións e a informatización da xestión do servizo. En particular, deberá contar, cun sistema de seguimento da frota de vehículos mediante GPS.

O concesionario establecerá un sistema que deberá ser tal que permita levar o rexistro da posición de todos os vehículos adscritos ao contrato, durante as vinte e catro horas do día, en tempo real. Tamén deberá permitir que, dende o servizo municipal, se poidan realizar consultas en tempo real e estatísticas sobre o histórico das posicións dos vehículos dende a data de incorporación do vehículo ao sistema. Todos os vehículos postos a disposición do servizo deberán estar incorporados ao sistema de seguimento de vehículos dentro dos **dous primeiros meses** dende a sinatura do contrato.

7.4. Información do servizo

Toda a información facilitada ao concesionario, relativa aos servizos contratados, así como a obtida por el mesmo no desenvolvemento do contrato, só poderá ser utilizada no ámbito dos servizos prestados, e non poderá ser utilizada para outros fins ou facilitada a terceiros sen a autorización expresa do Concello.

Así mesmo, toda a documentación relativa ao servizo, que xere ou archive o concesionario, será propiedade do Concello, polo que deberá entregarse debidamente ordenada e clasificada á finalización do contrato.

7.5. Sistema de xestión de calidade e ambiental

O concesionario deberá estar certificado nas normas UNE-ISO 9000 do sistema de xestión da calidade implantada e nas normas UNE-ISO 14000 respecto á xestión ambiental, relativos aos servizos obxectos do contrato ou dispoñer de sistemas de xestión baseados nas devanditas normas.

O concesionario deberá elaborar, dentro dos **tres primeiros meses** de vixencia do contrato, o estudo de impacto ambiental provocado pola prestación dos servizos contratados, cuxo contido respectará o establecido na normativa vixente. O devandito estudo incluírá, coas especificidades propias do ámbito urbano, a análise dos efectos negativos provocados pola prestación do servizo, particularizados para cada un dos traballos obxecto do contrato, así como as medidas correctoras propostas para minimizalos, realizar o seguimento e comprobar a efectividade das medidas aplicadas.

Se o Concello así o indica, o estudo de impacto ambiental será realizado por unha empresa independente que aquel designe e a custa do concesionario.

7.6. Prevención de riscos e seguridade laboral

A concesionaria será responsable, durante toda a vixencia do contrato, de cumprir coa normativa existente en cada momento en materia de prevención de riscos laborais. En particular, documentará ante os servizos técnicos municipais o sistema de xestión da prevención de riscos laborais adoptado (constitución de servizo de prevención propio, contrato con servizo de prevención alleo, etc.).

A empresa concesionaria contará cun responsable de Prevención de Riscos Laborais adscrito ao servizo, coa titulación e formación abondo. Para a súa coordinación co Concello, reunirse e cumprirá con todo o que estableza o departamento municipal de Prevención, deberá atender as citacións do devandito departamento dentro dun prazo de 24 horas dende que se realice o pertinente aviso.

As medidas formativas, as avaliacións de riscos laborais, a planificación da actividade preventiva e calquera outra adoptada polo concesionario deberán ser acreditadas documentalmente ante o Concello.

7.7. Servizos de soporte técnico

O concesionario, á súa costa, deberá presentar, dentro do prazo establecido ou solicitado polo Concello, todos aqueles informes, documentos, proxectos técnicos de execución **cuo presuposto de execución material sexa inferior a 400.000 euros**, valoracións, avaliación de medidas de optimización, análise do custo económico dos servizos así como da implantación de novos servizos, plans de abastecemento e saneamento, etc., que os servizos técnicos municipais estimen necesarios. Deberase presentar sempre copia da documentación presentada en soporte informático (pdf e editable).

7.7.1. Memoria. O concesionario deberá presentar, unha vez finalizado o prazo de execución do contrato, unha memoria sobre a xestión e prestación do servizo comprensiva de todas as actuacións realizadas, así como as propostas que este considere convenientes para a mellora na prestación deste. Así mesmo, o concesionario deberá presentar as contas anuais ante o Concello de Ames, nos termos que se expresan no Pregon de Cláusulas Administrativas Particulares.

A memoria sobre a xestión e prestación do Servizo conterá como mínimo, a seguinte información:

- Informe de produción, cos metros cúbicos producidos, subministrados e facturados durante o contrato, así como os reactivos utilizados no seu tratamento; as reparacións e renovacións efectuadas nas instalacións e os contadores afectos ao servizo; o estado da infraestrutura do servizo especificando as deficiencias que aconsellen a substitución de elementos parciais ou ben a renovación total; o número de empregados integrados no equipo do servizo, os seus labores e responsabilidades.
- Contas da concesión, que incluírán o balance, conta de resultados, informe financeiro, co detalle de facturación practicada, ingresos realizados e impagados, contas de Facenda Pública, IVE soportado e IVE repercutido.
- Informe de calidade, indicando o número e natureza das reclamacións feitas polos abonados e o resumo das accións emprendidas durante o exercicio en prol de mellorar a calidade e eficiencia do servizo.
- Informe legal, detallando contenciosos, reclamacións ou similares contra o concesionario, así como a resolución destes.
- Programa de concienciación e formación cidadá, enquisa de satisfacción da cidadanía realizada de acordo cos procedementos establecidos polos técnicos municipais.
- Propostas que considere convenientes para a mellora na prestación do Servizo.
- Plan de control de calidade da auga potable e de verteduras.
- Conta de recadación dos recursos tributarios que se xestionan de acordo co obxecto do contrato, conforme ás especificacións que, para tal efecto, determine o Concello, e que, como mínimo, conterá información de detalle das liquidacións ou recibos postos ao cobro, os cobramentos realizados e as liquidacións ou recibos pendentes de pagamento.

7.7.2. Informe mensual

O concesionario deberá presentarlle mensualmente ao Concello, no prazo dos **cinco días** naturais seguintes ao mes sobre o que se informa, un resumo no que deberá reflectirse, como mínimo, a seguinte información:

1. Incidencias do servizo, incluídas as incidencias e denuncias formuladas polos/as abonados/as, as actuacións realizadas e a resolución final destas.
2. Resultados das análises e demais parámetros controlados efectuados sobre a auga subministrada á poboación.
3. Substitución de elementos parciais ou ben a renovación total nas redes.
4. Reparacións e renovacións efectuadas nas instalacións e os contadores afectos ao servizo.
5. Resultados das análises e demais parámetros controlados efectuados sobre a auga residual e a depurada.

Os licitadores deberán especificar na súa oferta a composición, en medios persoais e materiais, da oficina técnica para a realización desta documentación, sen prexuízo da obriga da concesionaria de dotarse, en cada caso, dos medios persoais e materiais necesarios para a elaboración dos documentos solicitados. O persoal desta oficina técnica poderá ser persoal directo do licitador, admitíndose asimesmo a externalización do servizo, sempre e cando o licitador comprometa correcta elaboración dos documentos solicitados, non sendo trasladable a responsabilidade a terceiros.

8. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS

Os licitadores detallarán a organización dos medios propostos que consideren necesaria para cumprir as obrigas establecidas nos Pregos de Condicións, con indicación expresa dos medios que constitúen os equipos de traballo así como os plans de traballos. Ao inicio do contrato, o concesionario presentará en soporte papel e soporte informático, o plan de traballo, seguindo para iso as indicacións dos técnicos municipais.

Os licitadores incluírán no seu estudo un organigrama indicativo dos postos de traballo asignados a cada servizo, incluíndo o persoal de dirección, administración, vixilancia, talleres, etc.

8.1. Medios persoais

Os licitadores deberán especificar na oferta de modo xustificado, o persoal que se comprometen a ter adscrito ao servizo para atender e cumprir todas as obrigas derivadas deste contrato. Detallárase para todo o persoal proposto o seu modo de vinculación ao servizo, xornada prevista, e dispoñibilidade para as súas tarefas. Indicarase asemade os posibles medios propios ou externos que a sociedade concesionaria empregará no seu caso para os posibles reforzos do cadro e persoal existente, no caso de considerarse necesarios. En calquera caso, é responsabilidade da empresa concesionaria ofrecer o servizo nas condicións establecidas no presente prego, debendo poñer a disposición do mesmo, ao seu risco e ventura, aqueles medios adicionais que no seu caso sexan necesarios.

No Anexo III inclúese unha relación do persoal afecto ao servizo. De conformidade co Convenio Colectivo Estatal das Industrias de Captación, Elevación, Condución, Tratamento, Depuración e Distribución de Auga e coa lexislación laboral vixente, a concesionaria estará obrigada a subrogarse e absorber os/as traballadores/as adscritos/as ao servizo das instalacións que se explotan, respectando e conservando na súa integridade, con carácter persoal e irrenunciable, antigüidade, salario e demais dereitos laborais e sindicais recoñecidos no Convenio, pactos de empresa e condicións persoais.

A empresa concesionaria comprométese a ter debidamente dado de alta ao persoal na Seguridade Social e cumprir todas as obrigas legais contractuais respecto deste; deberá acreditarse o pagamento das cotizacións sociais ante o Concello, e será causa de resolución do contrato estar ao descuberto nas cotas da Seguridade Social.

O concesionario deberá achegar ao inicio da prestación do servizo, unha declaración responsable na que se informe que todos os traballadores e traballadoras adscritos ao contrato suscrito co Concello están dados de alta na Seguridade Social, así como que todos eles contan cos medios e formación precisos en materia de Seguridade e Saúde. Asemade, deberá adxuntar unha autorización expresa para a consulta directa polo Concello de Ames dos datos de altas e baixas na Seguridade Social vinculados ao centro de traballo correspondente.

No caso de que se produza un conflito laboral entre a empresa concesionaria e os seus traballadores, que orixine a interrupción do servizo, a concesionaria asumirá todos os custos que se produzan, tendo o Concello potestade de ordenar as actuacións necesarias para manter o servizo. En caso de folga do persoal, o concesionario comunicará os servizos mínimos que considere necesarios para cubrir os servizos.

8.1.1. Persoal mínimo

A concesionaria dispoñerá do persoal necesario en cada momento para a boa execución dos traballos incluídos no contrato; non obstante, estará obrigada a manter un persoal mínimo que deberá quedar plenamente reflectido e xustificado na oferta, e que contemplará a estimación de persoal de substitución necesario, de modo que sempre queden cubertos todos os postos ofertados cubrindo baixas, vacacións, absentismos, permisos, horas sindicais, etc.

Calquera variación e/ou substitución de persoal, deberá ser razoada e posta en coñecemento dos servizos técnicos municipais, para o seu informe e aprobación polo órgano competente do Concello, se así procedese. Por motivos de seguridade, o número mínimo de membros do persoal presente realizando traballos nas estacións de tratamento de auga potable e nas estacións depuratoras de augas

residuais será de dúas (2) persoas.

O persoal deberá atender con toda corrección aos representantes do Concello en cantas visitas, inspeccións e traballos efectúen nas instalacións, e proporcionarlles, así mesmo, todos os datos ou detalles que lles soliciten. Así mesmo, deberá atender todas as visitas debidamente autorizadas.

Á parte do persoal vinculado ao concesionario e ao Concello, non se permitirá a entrada ás instalacións dos servizos a ningunha outra persoa que non vaia provista dunha autorización expresa e nominal, expedida para cada caso concreto polo Concello.

Calquera modificación da estrutura organizativa da concesionaria que poida alterar as condicións da xestión do servizo, requirirá un estudo xustificativo, e a aprobación do órgano competente do Concello de Ames.

A concesionaria dispoñerá dun servizo de garda, durante as 24 horas do día, que permita intervir de forma inmediata en caso de avarías ou realizar actuacións necesarias por motivos de emerxencia. Para tal efecto, a empresa manterá e facilitará un número de teléfono, atendido en todo momento, que permitirá comunicar incidencias ao servizo de garda.

O devandito servizo dispoñerá en cada caso dos medios materiais e humanos necesarios en función da magnitude, situación e consecuencias da situación de emerxencia ou evento e con independencia da xornada (laboral ou festiva) ou horario (diúrno ou nocturno).

8.1.2. Responsable do Contrato

Ao fronte do servizo estará o Responsable do Contrato que designe o Concello de Ames. Esta persoa non formará parte do cadro de persoal da sociedade concesionaria, e o seu custo salarial non será repercutido á sociedade concesionaria.

8.1.3. Xefe de servizo

A concesionaria poñerá baixo o seu mando e en calidade de xefe do servizo, un Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas con dedicación permanente ao servizo e experiencia contrastada en contratos similares. Baixo a responsabilidade do xefe de servizo estará o persoal necesario que o concesionario considere preciso e conveniente. Todo o persoal adscrito ao servizo disporá de experiencia suficiente para asumir a responsabilidade que significa a prestación dun servizo público esencial. Do nomeamento do sinalado delegado-xerente derivará capacidade abondo para representar a concesionaria en cantos actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais sexa preciso. O xefe de servizo será responsable da execución técnica deste, e poñerá en práctica as ordes recibidas da Administración municipal a través dos servizos técnicos municipais.

O nomeamento do xefe de servizo deberá contar co visto e prace do Concello.

Tanto as vacacións como os días de permiso do xefe do servizo deberán establecerse en coordinación co servizo municipal correspondente. Terá que estar localizable as vinte e catro (24) horas do día, todos os días do ano, ou, no seu defecto, un substituto coa mesma cualificación e capacidade de decisión.

En caso de substitución do xefe do servizo, para garantir a correcta prestación do servizo, a empresa concesionaria deberá manter simultaneamente o novo xefe do servizo e o cesante durante o período de transición, período que non poderá ser inferior a 30 días.

8.1.4. Cambios no persoal

Notificaránselle ao Concello os nomes, categorías e demais circunstancias persoais, dos/as traballadores/as que integren o cadro de persoal para o desempeño das misións a que se refire o presente prego, así como as variacións que se produzan neste, incluídas as suplencias por vacacións, baixas, horas sindicais, etc.

Os medios humanos e materiais nos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e estacións de depuración de augas residuais, serán os necesarios, ao obxecto de manter a calidade dos servizos prestados, e serán recollidos nas ofertas dos licitadores.

O Concello será informado das novas contratacións de persoal que vaian adscribirse ao contrato, contratacións en todo caso suxeitas ás restricións recollidas noutros puntos deste prego. Igualmente, deberá ser consultado, se se formulase a diminución ou redistribución de persoal por razón de mellora tecnolóxica ou diminución e/ou cambio do servizo. Así, para que se produza este feito, esta variación deberá ser proposta, informada polos servizos técnicos municipais e aprobada polo órgano competente do Concello.

O Concello poderá propoñer o cambio daqueles/as traballadores/as que sexan considerados como non idóneos para o traballo obxecto do presente contrato, ou impoñer unha sanción oportuna cando se dean motivos para iso.

8.1.5. Uniformidade e identificación

Todo o persoal irá provisto de uniformes e identificación personalizada e deberá quedar definido claramente na oferta o equipo persoal e uniforme con que se propón dotar a todos eles en cada un dos seus labores, así como a forma, calidade e cor dos tecidos, a periodicidade e data de entrega. Neste sentido, especificaranse uniformes de verán, inverno e chuvia para operarios, encargados, condutores, etc., así como todo o equipo

de seguridade persoal e especial para as operacións ou labores que así o esixa; todo iso de acordo coa lexislación vixente en materia de

Seguridade e Saúde. Non obstante, o modelo de uniforme deberá ser aprobado polo Concello, e poderá establecer as modificacións que considere convenientes.

Nos uniformes, e en lugar visible, inserirase o escudo do Concello e o tipo de servizo que presta. O logotipo do concesionario será inferior ao tamaño do texto ou escudo do Concello. Baixo ningún concepto estará permitido o uso dos uniformes como soporte publicitario, inclusive da empresa concesionaria.

O persoal deberá manter os uniformes en bo estado, sendo responsable o contratista da falta de aseo ou de decoro en vestir ou, de carecer de uniforme, así como das faltas por trato desconsiderado cara á cidadanía.

8.1.6. Formación

O concesionario elaborará un plan de formación continua, por categorías profesionais e servizos, para os/as traballadores/as adscritos ao contrato, en materias relacionadas co presente contrato, como poden ser novos métodos de traballo, perfeccionamento dos existentes e adestramento do persoal de novo ingreso. O devandito plan de formación será remitido ao servizo municipal no prazo máximo de tres (3) meses a partir da sinatura do contrato, para os efectos do seu coñecemento e aprobación, se procede.

8.2. Medios materiais

O concesionario deberá contar en todo momento cos medios necesarios, en cantidade e características adecuadas, para desempeñar a totalidade de funcións do contrato de forma óptima.

8.2.1. Vehículos, maquinaria, mobiliario, ferramentas e stock

As empresas licitadoras detallarán o plan de posta a disposición de medios materiais ao servizo que se realizará durante toda a vixencia do contrato, definindo claramente nas súas ofertas os vehículos que propón por a disposición do contrato e o momento de entrada en servizo, indicando os gastos de conservación, mantemento e reposición que deberá asumir para garantir o perfecto funcionamento destes durante o período en que estean de servizo.

Os licitadores deberán facer constar expresa e detalladamente os medios móbiles que decidan por a disposición do servizo segundo as características e necesidades do Concello, tendo en conta que deberán prever a capacidade e reforzos necesarios para que baixo ningún concepto se entorpeza a marcha normal dos traballos.

Así mesmo, o concesionario dispoñerá dos equipos, ferramentas, e medios auxiliares necesarios para o desenvolvemento das actuacións previstas no contrato e dun almacén no Concello con materiais, produtos e repostos dos artigos de uso máis frecuente para poder afrontar o mantemento, conservación e reparación inmediata de calquera avaría ou anomalía.

Os vehículos e maquinaria deberán ser os axeitados ás funcións que deban realizar e cumprirán en todo momento a normativa vixente. Estarán insonorizados en todos os seus elementos (motor, bombas de presión, equipos de compactación, etc.), e cumprirán especialmente toda a normativa relativa a ruído e emisións. O tamaño e peso destes deberán ser os adecuados para as zonas onde deberán acceder (zona urbana, zonas peonís, pistas rurais, etc.). Deberanse manter en perfectas condicións en canto a limpeza, sinalización, sistemas de seguridade, etc., e serán serigrafiados cos símbolos que defina o Concello en cada momento. No caso de elementos non adscritos ao 100% ao contrato, admitiranse soportes removibles.

Nos vehículos e maquinaria inserirase o escudo do Concello e rotularase o tipo de servizo que presta. O logotipo do concesionario será inferior ao tamaño do texto ou escudo do Concello. Baixo ningún concepto estará permitido o uso dos vehículos ou maquinarias como soporte publicitario, inclusive da empresa concesionaria.

Queda prohibido introducir vehículos de tracción mecánica en zonas verdes e espazos libres, salvo nos casos imprescindibles, para os que deberá solicitar o oportuno permiso do Concello.

Todos os vehículos adscritos ao servizo deberán estar dotados dos equipos necesarios para cumprir cos requisitos de xestión e comunicación recollidos no presente prego: comunicacións móbiles (radio ou telefonía móbil con bluetooth, sistema de seguimento da posición mediante GPS fixado ao vehículo, etc.).

En todos os medios que se oferten indicárase o seu grao de adscrición ao contrato. Aqueles que se designen como de uso exclusivo, non poderán ser utilizados noutros servizos alleos a este, salvo autorización expresa do Concello.

O Concello entenderá que os materiais e maquinaria propostos na oferta foron considerados polo concesionario como suficientes para a realización do servizo. De non resultar así, o concesionario deberá por a disposición, ao seu risco e ventura, o preciso para a correcta prestación do devandito servizo.

As ferramentas, material e maquinaria deberán ter as homologacións esixibles, así como contar coa calidade e modernidade abondo, de forma que o traballo se realice coa maior facilidade posible. Nas ofertas presentadas deberá quedar claramente indicada a calidade destes. Así mesmo dispoñeráse dos equipos de sinalización de traballos en vías públicas.

Do mesmo modo, o concesionario deberá achegar cantos útiles e ferramentas se precisen para unha boa realización do servizo e dispoñerá das reservas correspondentes para suplir as normais incidencias que puidesen xurdir. Todas elas serán de nova adquisición e deberán encontrarse en todo momento en perfecto estado de conservación e limpeza.

Para cada equipo ofertado, presentarase unha completa descrición, achegando os documentos necesarios para o perfecto coñecemento deste.

8.2.2. Instalacións fixas

O concesionario comprométese a dispoñer das instalacións precisas para acoller todo o persoal e todos os medios materiais durante toda a vixencia do contrato.

A nave ou naves propostas polo concesionario deberán estar dispoñibles e totalmente equipadas nun prazo máximo de tres meses, contado dende o comezo da prestación dos servizos do presente contrato.

O acceso a estas instalacións será vixiado e restrinxido, e cumpriran con toda a normativa vixente (incluíndo almacéns de ferramentas, de produtos, combustibles, etc.).

Todas as instalacións deberán estar próximas ao territorio municipal de Ames, preferentemente dentro do propio termo municipal. En todo caso, a ubicación proposta deberá ser aprobada expresamente polo Concello de Ames.

8.2.2.1. Oficina

A empresa deberá contar cun local en Bertamiráns, nun radio de 300 metros respecto da Casa do Concello, como establecemento onde se presten as labores de atención ao público relacionadas cos servizos contratados.

O Concello comprométese a ceder á concesionaria un espazo en O Milladoiro, aos únicos efectos do seu emprego en labores de atención ao público relacionadas cos servizos contratados.

Ambos locais, debidamente habilitados, dotaranse con mobiliario, material, equipos informáticos e liña telefónica para o seu uso informático e telemático para a prestación dos servizos. Os gastos que se xeren serán de conta e cargo da empresa adxudicataria.

A empresa adxudicataria soportará cantos gastos se orixinen para o adecuado mantemento dos inmobles.

Estes locais estarán abertos ao público e operativos no momento do inicio da vixencia do presente contrato.

O horario de atención ao público de cada unha das oficinas será o acordado pola alcaldía, tomándose como base salvo indicación expresa en contrario da alcaldía un horario de luns a venres, en horario de mañá e tarde de 9:00 a 14:00 e de 17:00 a 19:00, e sábados pola mañá de 9:00 a 14:00. En todo caso, o volume de horas semanais máximo non superará o sinalado no horario base.

A concesionaria deberá satisfacer as obrigas que a Lei 11/2.007 do 22 de xuño de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos establece, nas relacións entre a Administración e os seus administrados. Deberá pois, garantir o acceso da cidadanía á información que dela teña, tanto de forma presencial coma en liña, asegurando en todos os casos o cumprimento da LOPD e garantindo a confidencialidade, a custodia e a seguridade das transaccións entre a empresa e a cidadanía. Así mesmo, garantirá servizos 24 x 7, en todas aquelas actuacións que os medios técnicos e humanos permitan; serán os servizos municipais os encargados de valorar e determinar as posibles actuacións que se vaian realizar.

A empresa dispoñerá dun teléfono de atención á cidadanía, que deberá estar atendido durante as vinte e catro horas do día para calquera incidencia ou avaría.

Así mesmo, establecerá os medios e procedementos necesarios que permitan responder ás queixas e cuestións formuladas pola cidadanía nun prazo razoable.

Todas as comunicacións recibidas, así como as respostas a estas, serán debidamente rexistradas e permitirase, dende as dependencias municipais, facer un seguimento da súa resolución e obter estatísticas do número, estado, orixe, tipos ou problemas evidenciados, etc.

8.2.2.2. Outras instalacións

O concesionario estará obrigado a dispoñer dunhas instalacións no municipio de Ames ou nas súas proximidades para albergar a maquinaria e vehículos vinculados á prestación do servizo, así como un almacén con repostos de material abondo ao obxecto de poder atender con brevidade as necesidades que xurdan por causa de avarías nas instalacións.

Estas instalacións estarán dotadas, así mesmo, de vestiarios para os/as traballadores/as do servizo, contando con aseos, duchas, vestiarios e resto de instalacións, adaptadas para homes e mulleres, conforme á lexislación vixente.

O concesionario poderá instalar un laboratorio homologado para realizar as análises preceptivas da calidade da auga potable para asegurar o cumprimento do RD 140/2003 ou normativa legal vixente, así como as analíticas das augas residuais tanto no saneamento municipal como á entrada e saída da estacións depuradoras de augas residuais segundo a normativa vixente e/ou concertar cun laboratorio homologado a realización das analíticas que non poida realizar no laboratorio propio.

En caso de ofertar taller, este deberá estar debidamente homologado e rexistrado de acordo coa regulamentación vixente.

Os licitadores deberán reflectir na súa oferta os medios propostos e o custo económico destes, tanto de implantación coma de funcionamento.

9. OBRAS E INSTALACIÓNS POR CONTA DO CONCELLO DE AMES

Serán por conta do Concello de Ames e, polo tanto, non terán a consideración de obras de mantemento, conservación e reparación, as obras de primeiro establecemento, reforma e gran reparación de: captacións, elevacións, instalacións de tratamento e depuración, rede de distribución, depósitos, rede xeral de sumidoiros, emisarios xerais, estacións de bombeo e elevación.

- Son **obras de primeiro establecemento** as que dan lugar á creación dun ben inmovible.
- Son **obras de reforma** o conxunto de obras de ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente
- Son **obras de gran reparación** as necesarias para emendar un menoscabo producido nun ben inmovible por causas fortuítas ou accidentais cando afecten fundamentalmente á estrutura resistente.

Nas obras por conta da Administración, o Concello poderá solicitarlle á concesionaria o control e vixilancia destas e a realización das probas necesarias previas á súa recepción e posterior adscrición ao servizo. A concesionaria queda obrigada a atender esta solicitude e a realizala á súa costa.

As obras de urbanización realizaranse baixo a supervisión do Concello. O promotor deberá realizar as obras de acordo coas especificacións de calidade de materiais, seccións, e instalación recollidas nos regulamentos do servizo e así indicadas polos servizos técnicos municipais. O concesionario deberá colaborar co Concello no control das obras e realizar as probas que se lle ordenen, dotando de vixilantes de obra durante a execución e comunicando aos servizos técnicos municipais cantas deficiencias sexan detectadas tanto no período de obras como no prazo de garantía.

O Concello de Ames dará traslado ao concesionario de todo expediente de licenza de obras e proxectos de urbanización que supoñan ampliación, renovación e/ou mellora das redes existentes co fin de que, no prazo de **10 días**, emita informe técnico sobre a súa incidencia no servizo.

Unha vez executadas as obras de ampliación ou urbanización e logo de recepción polo Concello, o concesionario está obrigado a recibir e incorporar estas ao servizo de acordo co establecido na **cláusula 6**.

10. OBRAS POR CONTA DA CONCESIONARIA

Serán por conta do concesionario o mantemento, conservación e reparación de todas as instalacións do servizo cedidas a este para a súa explotación. Considéranse como obras de **reparación** as necesarias para emendar un menoscabo producido nun ben inmovible por causas fortuítas ou accidentais cando non afecten fundamentalmente a estrutura resistente.

Se o menoscabo se produce no tempo polo natural uso do ben, as obras necesarias para a súa emenda terán o carácter de **conservación**.

As obras de **mantemento** terán o mesmo carácter que as de conservación.

Nas obras de reparación, conservación e mantementos, respectarase a construción conservando a súa estética, o seu valor histórico e mantendo a súa funcionalidade.

Os licitadores deberán indicar especificamente nas súas ofertas a cantidade que dedicarán a conservación e mantemento, reflectíndose a devandita cantidade no estudo económico. Polo que respecta ás obras de reparación, deberánse executar todas aquelas necesarias cos límites recollidos na proposta económica do licitador

Así mesmo, a concesionaria poderá realizar, á súa costa, as obras de renovación que considere convenientes co obxecto de diminuír os custos de explotación, conservación, mantemento e reparación do servizo, e que poderán detallarse no seu caso como melloras dentro do sobre B. Para a execución destas obras deberá solicitar a autorización municipal segundo se establece na **cláusula 11.4.**

11. EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS DO SERVIZO.

O concesionario, estará obrigado á súa costa, á explotación, mantemento, conservación e reparación de todas as instalacións necesarias para a efectiva explotación e prestación do Servizo.

O concesionario tomará ao seu cargo as obras e instalacións municipais de abastecemento, rede de sumidoiros e depuración do municipio, relacionadas no **Anexo I e Anexo II**, nas condicións actuais nas que se entregan e sobre as que non se poderá efectuar ningunha observación ou reclamación no futuro. O concesionario será responsable do seu bo funcionamento e conservación, correspondéndolle, por tanto, a explotación, vixilancia, conservación, mantemento, reparación e reposición destas, así como das que poidan entregarse nun futuro.

Están incluídas as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. Desta forma o concesionario encargarse do pagamento dos consumos enerxéticos, auga, reactivos e demais derivados da explotación do servizo, así como os custos, canons e impostos vixentes en cada momento.

11.1. Abastecemento de auga potable.

11.1.1. Explotación, conservación, mantemento e reparación do sistema de abastecemento

O concesionario está obrigado a:

1. Xestionar, conservar, manter, reparar e repoñer os sistemas de captación e potabilización propios do Concello, impulsión, depósitos de regulación, rede de distribución e sistemas de postcloración e control, co máximo aproveitamento dos recursos dispoñibles, buscando en todo caso optimizar o rendemento técnico en beneficio do municipio de Ames.
2. Garantir a continuidade da subministración e que a calidade da auga responda en todo momento ás condicións de potabilidade fixadas pola regulamentación técnica-sanitaria vixente. Para estes efectos, o concesionario realizará as análises preceptivas da calidade da auga coa periodicidade e o resto de condicións fixadas na regulamentación vixente recollida no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro polo que se regulan os criterios da calidade da auga de consumo humano, ou normativa vixente.

O concesionario tamén realizará as análises preceptivas da calidade da auga de piscinas municipais coa periodicidade e co resto de condicións fixadas na regulamentación vixente recollida no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnica-sanitaria de piscinas de uso colectivo, ou normativa vixente.

Tamén se realizará o mantemento de fontes públicas e as súas preceptivas análises de augas. O Concello poderá ordenarlle ao concesionario, cando o estime oportuno, coa periodicidade que esixa e sen menoscabo das obrigas do concesionario a este respecto, as análises marcadas pola regulamentación técnica-sanitaria vixente e aquelas outras que considere convenientes, para un mellor control da concesión. O concesionario está obrigado a realizalas e, se é o caso, a dar todas as facilidades precisas para realizar estes labores ao persoal encargado e a proporcionar cantos datos lle sexan solicitados ao respecto. Estas análises realizaranse noutros laboratorios concertados polo concesionario.

O concesionario deberá asegurar que se mantén o laboratorio de análise en perfecto estado e repoñer o material funxible utilizado neste.

3. Comunicarlles os servizos técnicos municipais cunha periodicidade diaria e un resumo mensual, os resultados das análises e demais parámetros controlados, efectuados sobre a auga subministrada á poboación. Ademais o concesionario estará obrigado a informar de forma inmediata ao Concello sobre anomalías na calidade da auga subministrada e adoptar as medidas oportunas. Así mesmo, facilitará os datos solicitados pola Administración sanitaria e introducirá os datos no SINAC (Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo), segundo se establece na regulamentación técnica-sanitaria vixente.

4. Manter, nos depósitos reguladores, o nivel de auga abondo para a prestación do servizo, sempre que concorran circunstancias normais.
5. Manter os niveis de iluminación nocturna das instalacións necesarios para garantir a seguridade destas.
6. A limpeza e acondicionado en todo momento dos depósitos e demais instalacións, incluídos os seus ámbitos.
7. Executar o Plan de Control de Calidade da Auga Potable proposto na oferta polo concesionario e aprobado polo Concello.
8. En xeral, asumir todas as obrigas estipuladas na regulamentación técnica-sanitaria, regulamento do servizo, ordenanzas ou calquera outra normativa legal vixente, que, sendo competencias do Concello, este delegue, na concesionaria.

11.1.2. Explotación, conservación, mantemento e reparación da rede de distribución

O concesionario está obrigado a:

a. Garantir en todo momento a continuidade da subministración e a permanencia das condicións sanitarias da auga destinada ao consumo a través das redes de distribución ata a súa entrega na acometida dos abonados.

b. Subministrar auga aos abonados de todo o territorio municipal de Ames, nas condicións que se especifican no presente prego de condicións, no regulamento do servizo e demais lexislación aplicable, garantindo o mantemento das presións e caudais necesarios, e en calquera caso, non menores aos actuais.

c. Facerse cargo da xestión, mantemento, conservación e reparación da rede de distribución, que inclúe a realización de labores periódicos de verificación do bo funcionamento de todos os elementos da rede **(polo menos unha vez durante a vixencia do contrato)** e, se é o caso:

- reparación ou substitución de fontes de auga sanitaria, billas, ramais xerais, válvulas, ventosas, bocas de rega e incendios, rexistros e outros elementos da rede
- busca, localización e reparación de fugas de auga
- limpeza viaria motivada polas citadas actuacións.

d. Vixilancia das instalacións situadas na vía pública (bocas de rega, hidrantes, fontes públicas, etc.) para os efectos de que sexan utilizadas exclusivamente para o fin para o que se instaláron.

e. Manter un servizo suficiente e de forma permanente de atención ás redes de distribución, que garanta a dilixencia na reparación de avarías.

11.1.3. Acometidas ás redes xerais

O concesionario deberá executar a instalación de novas acometidas a cargo do petionario do servizo, segundo as tarifas aprobadas nas ordenanzas fiscais. O concesionario estará obrigado a realizar o mantemento e reparación das acometidas domiciliarias de abastecemento de auga potable con cargo ao servizo, segundo se establece no regulamento de servizo.

Así mesmo, a concesionaria realizará, á súa costa, o mantemento, conservación e reparación das acometidas e rede interior nos campos de fútbol e instalacións deportivas, pistas, piscinas e zonas exteriores das dependencias municipais e outras instalacións públicas que indique o Concello, exceptuando o interior dos edificios municipais.

11.1.4. Bocas de incendios e rega

A concesionaria queda obrigada a efectuar á súa costa a substitución e/ou reparación das bocas de rega e incendio cando se inutilicen ou avaríen polo seu uso normal. Se a avaría ou inutilización se debese a outras causas, a reparación ou substitución efectuaráa o concesionario a cargo do responsable. En todo caso, deberá conservalas o concesionario en perfecto estado de mantemento e funcionamento.

11.1.5. Instalación, conservación e renovación de contadores de consumo de auga potable

O concesionario deberá executar a instalación, conservación e renovación dos contadores segundo se recolle no regulamento do servizo.

O concesionario, tendo en conta as características da instalación, deberá aplicar os prezos ou tarifas de acordo co establecido nas ordenanzas fiscais vixentes en cada momento ou cadro de prezos aprobados polo Concello.

Corresponde ao concesionario garantir o aforo dos consumos, mantendo en perfecto estado de funcionamento todos os contadores do parque, tanto os que se encontren instalados coma os que formen o depósito de reserva.

O parque a conservar e renovar será o que exista en cada momento, cuxo número variará como consecuencia de altas e baixas.

Antes da finalización do contrato, o concesionario deberá elaborar un rexistro de todos os contadores do Concello, no que se detallarán as súas características (calibre, antigüidade, etc.)

A conservación e o mantemento dos contadores comprenden a desmontaxe do contador, como aparato de medida, a revisión e en caso de ser necesario a renovación por outro contador novo verificado oficialmente si .

Tamén será obxecto de conservación e renovación as substitucións de contadores que se leven a cabo, aínda que os novos aparatos non sexan da mesma tecnoloxía dos que actualmente están en funcionamento, senón superior.

Ao efectuar as operacións, sempre que sexa posible, introducíranse os últimos perfeccionamentos técnicos e cando algún aparato non admita reparación substituírase por outro.

Corresponde ao concesionario, ademais do indicado anteriormente, realizar as seguintes actuacións:

a. Lectura de contadores. A lectura de contadores que servirá de base para establecer os caudais consumidos polos subscritores, deberá realizarse segundo a periodicidade marcada na ordenanza fiscal vixente en cada momento. Non obstante, o período de realización da lectura dos contadores poderá ser modificado polo Concello, logo de audiencia do concesionario, tras realizar os trámites legais correspondentes.

As indicacións que marque o contador anotarase na folla, libro ou terminal portátil de lectura que sirva de base para a facturación do correspondente período.

b. Ficheiro de contadores. O concesionario manterá ao día o ficheiro informático da totalidade dos contadores que compoñan o parque en cada momento.

O devandito ficheiro conterá, como mínimo, a seguinte información: número de identificación, calibre, ano de fabricación, data de instalación, lecturas e data destas, etc. Este ficheiro estará, en todo momento, a disposición do Concello de Ames.

11.1.6. En relación cos abonados

O concesionario está obrigado, entre outras actuacións, a:

a. Prestar o servizo aos peticionarios que o soliciten, logo de autorización do Concello e conforme ao establecido nos regulamentos do servizo de abastecemento de auga potable e ordenanzas fiscais.

b. Velar para que todos os abonados teñan debidamente formalizada a póliza de aboamento ao servizo.

c. Preparar, tramitar e executar a suspensión ou corte da subministración de auga aos abonados por falta de pagamento ou outras causas, segundo se recolla no regulamento do servizo, comunicándoo previamente aos organismos competentes e unha vez autorizado.

d. Informar as reclamacións dos abonados sobre diferenzas de consumos ou aplicación de tarifas.

e. En xeral, cumprir as obrigas que se establecen no regulamento do servizo o subministrador con relación aos abonados. O contrato de subministración de auga potable e o de saneamento e depuración serán realizados polo concesionario nas oficinas do servizo que existan a tal fin. Do contrato expedirase un exemplar para o subscritor e o orixinal conservarao o concesionario a disposición do Concello.

O concesionario remitirá mensualmente aos servizos técnicos municipais a relación dos contratos que, se é o caso, se formalizasen durante o período.

11.1.7. Fugas

É responsabilidade do concesionario, con cargo á concesión, a busca, localización e reparación de escapes e fugas. O concesionario obrígase a reparar de forma inmediata calquera avaría coñecida da rede de distribución que signifique unha perda de auga e a establecer un plan ben estruturado de busca de fugas.

11.1.8. Subministracións ocasionais

É responsabilidade do concesionario, con cargo á concesión, a instalación e montaxe de tomas de auga provisional para eventos culturais, festivos, deportivas, sociais ou calquera outro que lle solicite o Concello e a súa posterior desmontaxe. Así mesmo, correrá a cargo do concesionario a subministración de auga potable a través de cisterna ou outros medios, aos abonados que por calquera motivo queden sen este servizo durante un período de tempo prolongado.

11.1.9. Auga a disposición do Concello

O Concello de Ames resérvase a dispoñibilidade con carácter gratuito, de toda a auga que se precise para a rega de xardíns, limpeza viaria, servizos municipais, locais e dependencias do propio Concello, piscinas municipais, colexios, institutos, centros de saúde, etc.

O concesionario instalará contadores á súa costa, se non os houberse, para o control dos devanditos consumos, nos edificios, dependencias municipais, xardíns, etc. As reparacións destes serán a cargo da concesión.

O concesionario non facturará cantidade ningunha ao Concello polo servizo de rede de sumidoiros e depuración.

O concesionario asumirá os ingresos de dereito público que deriven dos consumos municipais, sen que poida repercutilos ao Concello por entenderse incluídos no prezo do contrato.

O Concello comunicará ao concesionario a incorporación ao inventario municipal de edificios e servizos que adquiran este carácter no transcurso da concesión obxecto deste prego.

No ano 2012, o consumo municipal de auga foi de 34.881 m³.

11.2. Saneamento

11.2.1. Actuacións a cargo do concesionario

A actividade de saneamento comprenderá as seguintes actuacións, a cargo do concesionario:

- a. Responsabilizarse da xestión e mantemento da rede de saneamento de augas residuais e pluviais ata as estacións depuradoras ou puntos de conexión ou vertedura, que estean en funcionamento durante o período da concesión, para o cal deberá incluír na súa oferta un plan de limpeza sistemática da rede, con estudo xustificado de frecuencias, que deberá cubrir polo menos unha limpeza de toda a rede.
- b. A limpeza e desatasco das instalacións que a continuación se sinalan co fin de manter a capacidade destas:
 - Rede xeral de saneamento e emisarios.
 - Pozos de rexistro.
 - Pozos negros.
 - Pozos de bombeo.
 - Aliviadoiros.
 - Sumidoiros e embornais e as súas correspondentes acometidas á rede.
 - etc.

En caso de que sexa necesario ou o solicite o Concello, a concesionaria empregará cámaras de inspección da rede, asumindo todos os custos.
- c. A vixilancia, mantemento, conservación e reparación das estacións de bombeo de augas pluviais, fecais, de pasos inferiores, etc., existentes ou que se poñan en funcionamento, durante o prazo de vixencia da concesión e que sexan realizados ou recibidos polo Concello de Ames.

O concesionario igualmente incluírá na súa oferta un plan para a xestión de mantemento dos grupos de bombeo.

A función de vixilancia e de inspección comprenderá, tanto as acometidas dos particulares á rede como da totalidade desta, de tal forma que o seu funcionamento sexa correcto sen que se produzan retencións nin atascos, manténdose, en todo momento a limpeza de toda a rede ao obxecto de evitar sedimentacións, mesmo nas acometidas.

- d. Manter un servizo suficiente e de forma permanente de atención ás redes de saneamento, que garanta a dilixencia na reparación de avarías.
- e. Executar o Plan de Control de Verteduras propostas na súa oferta polo concesionario e aprobado polo Concello.
- f. A vixilancia do cumprimento dos parámetros das verteduras realizadas á rede de sumidoiros polos abonados e, se é o caso, a detección das verteduras ilegais e do infractor que as realice, poñendo o feito en coñecemento da Administración para a apertura do correspondente expediente sancionador. Para iso, o licitador propoñerá na súa oferta os medios que destinará a este servizo,

para os efectos de vixiar e detectar verteduras ilegais á rede sumidoiros, así como aqueles que poidan derivarse da rede de sumidoiros ás canles públicas.

- g. Comunicarlles aos Servizos Técnicos Municipais cunha periodicidade diaria e un resumo mensual, os resultados das análises e demais parámetros controlados, efectuados sobre a auga residual no saneamento. Ademais, o concesionario estará obrigado a informar de forma inmediata ao Concello sobre as anomalías detectadas e adoptar as medidas oportunas.
- h. O pagamento das multas ou sancións derivadas de verteduras ás canles públicas imputables ao concesionario por mala conservación, mantemento e reparación do saneamento.

11.2.2. Explotación, conservación, mantemento e reparación das obras e instalacións de saneamento

O concesionario estará obrigado a:

- a. Tomar ao seu cargo as obras e instalacións municipais de saneamento do Concello de Ames.
- b. Facerse cargo da xestión, mantemento, conservación e reparación da rede de saneamento e emisarios xerais, que inclúe a realización de labores periódicas de verificación do bo funcionamento e, se é o caso, de reparación de canalizacións, equipos, pozos de rexistro, sumidoiros, vertedoiros, cámaras de descarga, pozos de bombeo e outros elementos da rede, así como a busca, localización e reparación de perdas da dita rede. Exclúense expresamente as reparacións nas acometidas particulares, que serán custeadas polo /a abonado/a e realizadas polo concesionario.
- c. A conservación e limpeza das instalacións de bombeo, tanto de augas pluviais coma de augas fecais.
- d. Manter en perfecto estado de funcionamento as cámaras de descarga, sendo a cargo da concesión o abastecemento de auga para a limpeza das citadas cámaras.
- e. A reposición de canalizacións de ramais xerais e acometidas de embornais nos casos de afundimentos ou roturas, así como dos pozos de rexistro necesarios.
- f. A substitución inmediata de reixas e tapas de pozos de rexistro e sumidoiros que non cumpran coas características dos materiais descritos na ordenanza de saneamento e verteduras municipal.
- g. A limpeza das reixas de grosos existentes e de todas aquelas que se instalen, así como a recollida, traslado e xestión dos residuos recollidos.
- h. Extraer e retirar nas debidas condicións hixiénicas, transportar, verter e xestionar do modo que sinale o concesionario e aprobe o Concello, as áreas e residuos recollidos na rede e instalacións de saneamento rede de sumidoiros.
- i. Manter o funcionamento normal de sifóns ou acuedutos existentes ou que se constrúan durante o período da concesión sobre o cauce ou calquera outra canle, debendo:
 - 1. Conservar en perfecto estado todos os seus elementos.
 - 2. Manter axeitadamente todas as instalacións e equipos.
 - 3. Adquirir todos os materiais, produtos e subministracións precisas, para o debido mantemento, conservación e explotación do sifón.
 - 4. Conservar e manter en perfecto estado de limpeza, pintura, etc, todas as súas instalacións, elementos e obras existentes de control, automatismo e información.
- j. Manter o funcionamento normal dos tanques de tormenta existentes ou que se constrúan durante o período da concesión, debendo:
 - Conservar en perfecto estado todos os seus elementos.
 - Manter axeitadamente todas as instalacións e equipos.
 - Adquirir todos os materiais, produtos e subministracións precisas, para o debido mantemento, conservación e explotación dos tanques.
 - Conservar e manter en perfecto estado de limpeza, pintura, etc, todas as súas instalacións, elementos e obras existentes de control, automatismo e información.
- k. A limpeza, mantemento, conservación, reparación e baleirado das foxas sépticas municipais existentes no municipio e a anulación das que non se encontren en servizo ou deixen de estalo, en tempo e forma que indique o Concello.

11.2.3. Actuacións en acometidas particulares.

Denomínase "**Acometida Particular**" a canalización que serve para transportar as augas residuais e pluviais dende o límite exterior dun edificio ou terreo ata un colector público, realizando esta conexión a través dun pozo rexistrable ou peza especial.

Os desatoamentos en acometidas particulares, tanto por medios mecánicos, coma por medios manuais, serán por conta dos particulares.

Cando non sexa posible realizar o desatasco e sexa necesario abrir gabias na vía pública, todos os gastos orixinados, mesmo no suposto de substitución de tubos e de reposición de pavimento, serán por conta da propiedade do inmovible. Estas operacións e obras poderán ser executadas pola empresa concesionaria do servizo, por solicitude de propietario.

Así mesmo, o concesionario, por solicitude do propietario do inmovible, poderá executar a instalación de novas acometidas a cargo do peticionario do servizo sempre e cando sexa conforme ao estipulado na normativa municipal vixente.

O concesionario deberá aplicar os prezos ou tarifas de acordo co establecido nas ordenanzas fiscais vixentes en cada momento ou cadros de prezos aprobados polo Concello de Ames.

O concesionario queda obrigado á supervisión de todas as obras que se realicen na vía pública, (reparación ou instalación de acometida ou colectores xerais), independentemente de que estas as realice o concesionario ou terceiras persoas.

11.2.4. Fugas

É responsabilidade do concesionario, a busca, localización e reparación de escapes e fugas. O concesionario obrígase a reparar de forma inmediata calquera avaría coñecida da rede de saneamento que signifique unha perda de auga ou unha infiltración á rede e a establecer un **plan ben estruturado de busca de fugas**.

11.2.5. Acometidas ocasionais

É responsabilidade do concesionario a instalación e montaxe de acometidas de saneamento e abastecemento provisionais ou fixas para eventos culturais, festivos, deportivas, sociais ou calquera outro que lle solicite o Concello e a súa posterior desmontaxe, con cargo á concesión.

11.3.-Depuración de augas residuais

A actividade de depuración comprenderá, entre outras, as seguintes actuacións, a cargo do concesionario:

- a. Manter o funcionamento normal das estacións depuradoras de forma ininterrompida e conseguindo en todo momento uns índices de depuración que correspondan, como mínimo, aos rendementos normais para as condicións que se dean en cada caso.
- b. Extraer e retirar nas debidas condicións hixiénicas, transportar, verter e xestionar do modo que sinale o concesionario e aprobe o Concello, as areas e os residuos de filtros recollidos nos tratamentos primarios das plantas. Estas operacións serán á súa costa.
- c. Desechar a lama producida, ata alcanzar os contidos de humidade precisos, de forma que o concesionario poida retirala doadamente e sen olores.
- d. Conservar e manter en perfecto estado todas as instalacións, equipos e elementos das plantas, incluídos as instalacións de control, automatismo e información.
- e. Reparar ou repoñer todos os elementos ou equipos deteriorados das instalacións.
- f. Adquirir todos os materiais, produtos e subministracións precisas, para o debido mantemento, conservación, reparación e explotación das plantas.
- g. Conservar nas debidas condicións todos os elementos anexos ás plantas como camiños, xardíns, edificacións, redes, etc., procurando que o seu aspecto sexa sempre de limpeza e orde.
- h. Manter un servizo de vixilancia que garanta a seguridade das instalacións, o cal se poderá realizar co persoal propio existente.
- i. Analizar e rexistrar as características dos parámetros que definen o proceso das liñas de augas, de gas e de lama, para garantir o seu debido control e funcionamento.

No laboratorio do concesionario, este deberá levar a cabo cantos ensaios e análises sexan precisos para o control da depuración, para o cal proverá este do persoal, aparatos e reactivos necesarios para tal fin.

Pola súa banda, o Servizo Técnico Municipal correspondente, fará no laboratorio do concesionario ou noutros laboratorios concertados por este, cantos ensaios e análises xulguen necesarios para comprobar o cumprimento das condicións establecidas.

Todos os gastos de recollida de mostras, traslado ao laboratorio e análise serán a cargo da concesión.

- j. Comunicar inmediatamente aos servizos técnicos municipais calquera incidencia que afecte ás instalacións ou á depuración.
- k. Enviar aos servizos técnicos municipais a información sobre a marcha das plantas que estes soliciten e coa periodicidade que estes determinen.
- l. Limpeza das reixas existentes nos vertedoiros das plantas e retirada nas debidas condicións hixiénicas dos residuos recollidos e a súa posterior xestión.
- m. Xestión da lama procedentes das depuradoras, realizando os trámites necesarios e asumindo o custo desta.
- n. O aboamento do canon de verteduras ou outros que puidesen xerarse.
- ñ. O pagamento das multas ou sancións derivadas de verteduras ás canles públicas por un defectuoso proceso de depuración.
- o. En xeral, cantas operacións e coidados sexan necesarios para cumprir co fin indicado no apartado a). A concesionaria deberá aceptar calquera auga residual procedente da limpeza do sistema de rede de sumidoiros e saneamento público, de estacións depuradoras e foxas sépticas municipais, de comunidades de veciños e de industrias. Estas augas residuais deberán ser depositadas por empresas autorizadas pola Xunta de Galicia para a xestión de citados residuos, e terán que cumprir os límites máximos previstos na lexislación vixente.

No caso de que aparezan nas augas residuais substancias ou materias perturbadoras dos procesos de tratamento ou dixestión, comunicarase inmediatamente a súa presenza ao servizo técnico municipal, o cal determinará se se está no caso de suspender temporalmente as sancións que por depuración ou mantemento insuficientes se especifican no presente prego.

Será obriga do concesionario o tratamento pola súa conta das augas, lamas, areas, grosos, etc. que resulten do normal funcionamento das plantas, de modo que se realicen libres de olores, moscas e mosquitos. Para tal efecto deberá coidar a realización de todos os procesos de depuración e utilizar, cando sexa preciso, produtos químicos para combatelos, logo de consulta ao correspondente servizo técnico municipal. Será así mesmo obriga do concesionario, a adopción das medidas oportunas para o control e eliminación das escumas.

O Concesionario, previa autorización explícita do servizo técnico municipal, poderá implantar instalacións experimentais para ensaiar posibilidades de mellora nos rendementos ou calidades das augas tratadas ou da lama, aténdose para iso ás condicións que o devandito servizo lle sinale.

A boa marcha da depuración nas depuradoras biolóxicas, comprobarase por determinación dos índices que estableza o servizo técnico municipal, sobre a base da lexislación e normativa vixente.

Para o control da marcha da depuración por parte da Administración, a dirección técnica municipal determinará o número de mostras, o tipo destas e as horas ás que deben tomarse, para realizar sobre elas as determinacións e análises pertinentes. Para a toma de mostras nas que se realizarán análises diarias, dispoñeráse á entrada e saída da liña de auga, un dispositivo de toma composta e ponderada.

Os servizos técnicos municipais poderán ordenar ou realizar outros ensaios para o mellor coñecemento da marcha da depuración.

11.4. Obras ou actividades complementarias.

Dado que o presente contrato é un modo de xestionar indirectamente un servizo público municipal, as actividades que en execución do contrato leve a cabo o contratista terán a consideración de obras e actividades municipais para todos os efectos. Deste modo, o concesionario poderá efectuar nas vías públicas todas as obras e actividades que precise para a xestión do servizo. Estas obras serán fundamentalmente as de mantemento, conservación e reparacións, tales como apertura e cerramento de gabias, levantamento e reposición de pavimentos e outras similares, así como as que soliciten os abonados.

O Concello de Ames outorga ao concesionario o dereito a utilizar a vía pública para realizar todas as operacións e traballos necesarios para a distribución e subministración de auga potable e as relacionadas coa actividade de saneamento e depuración, dentro do territorio municipal. As ditas actividades deberán levarse a cabo de conformidade cos proxectos presentadas ante a Administración municipal e aprobadas por esta previamente á súa execución e de acordo co establecido nas ordenanzas, regulamentos municipais e demais disposicións en vigor.

Todas as obras que se executen, xa sexa de melloras ou doutro tipo, deberán levar un proxecto asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, se é o caso, así como Dirección de obra e coordinador de Seguridade e Saúde, cuxa designación deberá contar co visto e praxe do Concello.

As vías públicas ou outros bens nos que o contratista execute tales obras ou actividades, deberán quedar en perfecto estado. O Concello poderá resarcirse do custo da reparación e deterioración destas, con cargo ao concesionario.

No caso de que se precise a realización de pequenas obras alleas directamente ao servizo, pero relacionadas con este, o Concello poderá encargarse a súa execución á concesionaria. Esta estará obrigada esta á súa realización sobre a base dos prezos que oferte na presente licitación, cuxa relación se inclúe no **Anexo IV**.

12. RECLAMACIÓN E RESPONSABILIDADE DA CONCESIONARIA.

12.1. Reclamacións

Será obriga do concesionario a existencia e mantemento nas súas oficinas, do correspondente rexistro de entrada de documentos, no que quede constancia, polo menos, de todas as comunicacións e denuncias formuladas diariamente polos abonados, aos cales se lles proporcionará no momento da comunicación copia do escrito, no que quede reflectido o obxecto da denuncia ou comunicación e no que conste data de entrada, causa denunciada e selo da entidade.

O concesionario está obrigado a contestar as reclamacións que lle formulen por escrito os abonados, en prazo non superior a **dez días hábiles**.

O concesionario deberá enviar obrigatoriamente ao Concello a copia da reclamación e da contestación, dentro das 48 horas seguintes ao momento en que se produza.

O concesionario deberá levar un Libro de Reclamacións, físico ou virtual, debidamente autorizado e dilixenciado polo Concello de Ames, que estará a disposición dos abonados do servizo. No dito libro, recolleranse as reclamacións que estes efectúen e a tramitación posterior que se lles dea a estas.

12.2. Responsabilidade

O concesionario intervirá directamente e coa máxima dilixencia, naquelas operacións de inspección, control, conservación, mantemento e reparación que requiran actuación urxente, pois é a súa obriga a detección de todos os danos ou avarías que se orixinen nos elementos obxecto do contrato; sen menoscabo da súa tamén obriga da comunicación correspondente e inmediata destas actuacións ao Concello.

Intervirá así mesmo, por requirimento do servizo técnico municipal, en actuacións que pola súa urxencia sexan necesarias, aínda fóra do seu horario habitual de traballo.

Por outro lado, no caso de detección de calquera anomalía do tipo que for, en elementos nos que non teña responsabilidade directa o concesionario, esta deberase comunicar no momento de ser detectada aos servizos técnicos municipais.

Se o concesionario efectuase traballos co obxecto de aforrar reiteradas intervencións sobre un elemento determinado, co consentimento dos servizos técnicos, estes realizaranse á súa costa.

En todo caso, o concesionario deberá adoptar todas as medidas necesarias para garantir a seguridade durante a execución dos traballos.

O concesionario, cando no desenvolvemento do seu traballo poida afectar a outras redes de servizos (iluminación pública, electricidade, comunicacións, sinalización, gas, etc.), deberá comunicalo á empresa explotadora previamente ao comezo dos traballos.

Naquelas situacións en que se produza unha emerxencia, o concesionario deberá poñer a disposición municipal a totalidade dos seus medios humanos e materiais, con cargo a el mesmo.

12.3.-Seguro de responsabilidade civil.

O concesionario deberá responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución dos servizos, tanto á Administración como a terceiros. O concesionario comprométese a adoptar todas as precaucións necesarias que se fixan na lexislación vixente e será o único responsable dos danos e prexuízos causados a bens ou persoas do Concello e a terceiros, durante a realización do seu labor, con independencia de cando se evidencien.

Independentemente á responsabilidade esixible ao concesionario, este deberá contratar un Seguro de Responsabilidade Civil, polos danos e prexuízos a terceiros que poida ocasionar con motivo dos servizos adxudicados, cun límite de indemnización abondo. O concesionario entregará copia da devandita póliza ao Concello ao inicio do contrato, así como a xustificación do pagamento da prima.

13. COMUNICACIÓN, CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN CIDADÁ

O concesionario elaborará un programa de concienciación e formación cidadá, co obxecto de lograr a mellora nos hábitos da cidadanía, comunidades, comercios, industrias, etc., de modo que interveñan como axentes activos, con responsabilidade, nas materias auga potable, rede de sumidoiros e depuración.

As campañas de concienciación incidirán, entre outros temas, en:

- Fomentar comportamentos que incidan positivamente nos consumos racionais de auga potable.
- Fomentar a concienciación da depuración de augas residuais, evitando a vertedura de residuos non aptos á rede de sumidoiros.
- Concienciar a cidadanía da escaseza dos recursos hídricos, o seu custo e repercusión no medio. O plan incluírá os mecanismos e indicadores de seguimento continuo e avaliación de resultados, que permitan á finalización do contrato que o Concello conte cos datos necesarios para establecer liñas básicas a futuro.

As empresas reflectirán nas súas ofertas os medios materiais e persoais necesarios para elaborar e levar á práctica os plans de concienciación, contemplando igualmente o material publicitario e a súa difusión.

O concesionario propoñerá na súa oferta o custo destinado a realizar as campañas de información e sensibilización da cidadanía, plans experimentais relacionados co obxecto do concurso e en xeral para as actuacións de mellora do servizo que decida o Concello. Todas estas actuacións coordinaranse cos servizos técnicos municipais.

ANEXO I: INSTALACIÓNS ADSCRITAS AO SERVIZO.

Abastecemento

- **Rede de abastecemento:**
 - **tubaxes: 171.587 m.**
 - **válvulas de peche: 676 ud.**
 - **ventosas: 19 ud.**
 - **desaugadoiros: 9 ud.**
 - **hidrantes: 23 ud.**
 - **bocas de rega: 61 ud.**
 - **válvulas reductoras de presión: 16 ud.**
- **Captación, E.T.A.P e bombeo de Quistiláns: 32 l/s.**
- **Bombeo de Aldea Nova (13,2 kW).**
- **Depósitos do Milladoiro (2 unidades): 1.000 m3 e 1.500 m3**
- **Depósito de Aldea Nova: 1.000 m3.**
- **Depósito do Bosque Animado: 100 m3.**
- **Depósito de Castiñeiro do Lobo: 640 m3**

ABASTECIMIENTO	AGRÓN, AMEIXENDA, AMES, COVAS, LENS, PIÑEIRO, TAPIA E TRASMONTE	ORTOÑO, BIDUIDO E BUGADILLO	TOTAL CONCELLO
CANALIZACIÓNS			
PE e PVC			171.587
TOTAL REDE DE ABASTECIMIENTO			171.587
OUTROS ELEMENTOS			

VÁLVULAS DE PECHE			676
VENTOSAS			19
DESAUGADOIROS			9
HIDRANTES			23
BOCAS DE REGA			61
VÁLVULAS REDUCTORAS DE PRESIÓN			16

Saneamento

- **Rede de saneamento e pluviais:**
 - rede de saneamento e pluviais: 189.270 m.
 - pozos de rexistro: 2.524 ud.
 - bombeos: 21 ud.
- E.D.A.R. do Polígono Industrial do Milladoiro (14.355 h-e; Qmed =2.871 m3/d).
- E.D.A.R. de Ameixenda (600 h-e).
- E.D.A.R. de Agrón (A Ponte Nova) (2.000 h-e).
- E.D.A.R. de Bertamiráns (13.000 h-e; Qmed =2.600 m3/d; Qmáx =324 m3/h).
- Foxa séptica municipal de Fernande.
- Foxa séptica municipal de Mercuto.
- Foxa séptica municipal da Rúa.
- Bombeo da Moniña (26,4 kW).
- Bombeo de Sisalde 1 (6,6 kW).
- Bombeo de Sisalde 2 (6,6 kW).
- Bombeo de Framán.
- Bombeo de Eirapedriña.
- Bombeo de Ponte Loureiros.
- Bombeo da Garea.
- Bombeo da Ponte Maceira (15 kW).
- Bombeo da Ponte Nova 1 (15,1 kW).
- Bombeo da Ponte Nova 2.
- Bombeo de Novais.
- Bombeo de Ínsua.
- Bombeo de Gasamáns.
- Bombeo de Oca 1 (10,39 kW).
- Bombeo de Oca 2.
- Bombeo de Cortegada (10,39 kW).
- Bombeo de Tarrío (6,93 kW).
- Bombeo de R/Rosalía de Castro (30 kW).
- Bombeo de R/Oliveiras (26,4 kW).

- Bombeo de Carballido (10,39 kW).
- Bombeo de Quintáns (13,86 kW).

SANEAMIENTO	AGRÓN, AMEIXENDA, AMES, COVAS, LENS; PIÑEIRO; TAPIA TRASMONTE	ORTOÑO, BIDIDO BUGADILLO	TOTAL CONCELLO
TUBAXES			
PVC 400	7.126	2.210	9.336
PVC 315	52.823	24.980	77.803
PVC 250	25.792	13.374	39.166
PVC 200	1.894	1.633	3.527
PVC 160	1.426	920	2.346
PVC 90 (impulsión)	1.627	0	1.627
TOTAL PVC	90.688	43.117	133.805
FORMIGÓN D =600 mm.	1.252	0	1.252
FORMIGÓN D =300 mm.	488	269	757
FORMIGÓN D =250 mm.	378	0	378
FORMIGÓN D =200 mm.	96	0	96
TOTAL FORMIGÓN	2.214	269	2.483
PE 160	617	0	617
PE 125	694	0	694
PE 110	190	0	190
PE 90	725	721	1.446
PE 75	1.237	0	1.237
PE 63	543	862	1.405
TOTAL PE	4.006	1.583	5.589
REDE SEN DATOS	31.298	16.105	47.403
TOTAL REDE SEN DATOS	37.999	19.271	57.270
TOTAL REDE DE SANEAMIENTO	128.206	61.074	189.280
OUTROS ELEMENTOS			
POZOS DE REXISTRO (localizados)	1.778	746	2.524
POZOS DE BOMBEO	12	9	16
EDAR's	2	2	4

FOXAS SÉPTICAS	3	0	3
ACOMETIDAS DIRECTAS A POZOS DE REXISTRO	739	380	1.119
ACOMETIDAS DIRECTAS A TUBAXES	75	22	97

ANEXO II: DESCRICIÓN XERAL DO SERVIZO.

1. CONTEXTO XEOGRÁFICO E ADMINISTRATIVO

A continuación faise unha breve descrición do municipio e do seu contexto xeográfico e administrativo. Ames pertence á comarca de Santiago de Compostela.

Comarca de Santiago de Compostela.

O Concello de Ames, cunha superficie de 80,9 quilómetros cadrados, está situado ao oeste de Galicia e ao sur da provincia da Coruña, da que forma parte administrativamente. Está integrado na comarca de Santiago de Compostela. Limita ao norte cos concellos de Val do Dubra e Santiago de Compostela, polo oeste co de Santiago, polo sur cos de Teo e Brión e polo leste cos de Brión, Negreira e A Baña.

Está composto por 11 parroquias nas que se distribúen 113 núcleos de poboación; os principais núcleos son Bertamiráns e O Milladoiro. As once parroquias son: Agrón, Ameixenda, Ames, Biduído, Bugallido, Covas, Lens, Ortoño, Piñeiro, Tapia e Trasmonte.

Situación da parroquias que forman o municipio de Ames.

As elevacións máis importantes son as de Pena Marela, Barreiros e San Marcos, entre outras. A orografía caracterízase, en xeral, por ser ondulada, irregular e abrupta na metade setentrional do municipio e por ter suaves desniveis na zona meridional. Xeograficamente está formado polo val que atravesa o río Sar dende que entra no municipio de Ames ata a súa desembocadura en Padrón.

O Espiño, con 424 metros de altitude, e o Pedrouzos, con 385 metros, son as elevacións máis importantes da Serra de Ameixenda. Na zona Sur, máis suave, é a Pena Mosqueira, con 252 metros, a elevación máis destacada.

O clima está moi condicionado pola súa localización nun val. Os invernos son suaves (a temperatura media non baixa dos 8° C) e os veráns calorosos (en xullo, mes máis cálido, a temperatura media é de 21° C). A temperatura media anual é de 14° C.

As chuvias concéntranse fundamentalmente nos meses de outubro e de maio. A media anual é da orde de 1.791 mm. O 40% das precipitacións concéntranse no inverno e rexístrase unha acusada estiaxe en verán, no que as chuvias tan só son un 10% das anuais.

PARROQUIA	POBOACIÓN	SUPERFICIE (Km2)
Agrón (San Lourenzo)	441	7,24
Ameixenda (Santa María)	333	11,09
Ames (San Tomé)	1.539	16,43
Biduído (Santa María)	13.491	5,80
Bugallido (San Pedro)	1.553	8,04
Covas (Santo Estevo)	788	5,86
Lens (San Paio)	99	1,64
Ortoño (San Xoán)	9.827	9,03
Piñeiro (San Mamede)	254	6,14
Tapia (San Cristovo)	125	2,90
Trasmonte (Santa Mariña)	402	5,80

Poboación e superficie das parroquias de Ames (fonte: IGE 2011).

Ames duplicou a súa poboación nos últimos 15 anos. Un terzo da poboación dedícase a actividades do sector servizos.

Ano	Poboación
1996	13.288
1997	..
1998	14.189
1999	15.318
2000	16.549
2001	17.737
2002	18.788
2003	20.016
2004	20.840
2005	22.228
2006	23.219
2007	24.553
2008	25.818
2009	26.983
2010	27.900
2011	28.852
2012	29.331
2013	29.689

Evolución da poboación en Ames (fonte: INE)

2. DESCRICIÓN DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO

O abastecemento que actualmente se realiza en Ames é o resultado da profunda transformación que sufriu nos últimos quince anos. Ames converteuse en foco de atracción de poboación a principios da década dos noventa, co Milladoiro como principal polo de atracción. Posteriormente sería Bertamiráns o núcleo que comezou a ter un alto crecemento de poboación.

A expansión da trama urbana en Ames foi obrigando a ir expandindo a rede e a buscar novas achegas. Unha vez esgotados os recursos propios, mananciais e regueiros, foi necesario tomar auga do sistema de Santiago de Compostela. Hoxe en día O Milladoiro e Bertamiráns nútrense fundamentalmente de auga do Tambre captada e tratada para Santiago. Brión rematou, nos últimos anos, por conectarse ao sistema de Ames para responder ás crecentes demandas.

Na actualidade Ames conta cuns 30.000 habitantes, con dous núcleos importantes, como xa comentouse: Milladoiro (uns 12.000 habitantes) e Bertamiráns (uns 7.700 habitantes).

O número de subscritores en 2014, segundo padrón municipal do primeiro trimestre, é de 14.455 abonados a suministrar en abastecemento, e 15.439 en depuración.

O consumo medio é duns 7.750 m³/día, o que supón aproximadamente uns 300 l/hab/día.

O sistema recibe auga directamente tanto de mananciais como de ríos. Aínda así, o sistema conéctase co de Santiago (auga do Tambre). Ademais, cede auga ao municipio de Brión.

A regulación da auga achegada ao Milladoiro realízase con dous depósitos, un de 1.000 m³ e outro de 1.500 m³, situados a cota aproximada de 290 m.

Descrición xeral do núcleo urbano do Milladoiro.

A continuación explícanse con máis detalle as fontes de auga do sistema de Ames:

- Achega ao depósito de Aldea Nova e á zona do Milladoiro dende O Milladoiro.

Dende a rede de Santiago de Compostela achéganse ao Milladoiro uns 2.800 m³/día. No Milladoiro tamén se toma auga dun **manancial**, uns 100 m³/día, a través dunha conducción de PVC de 90 mm de diámetro. A auga que entra pola zona do Milladoiro é bombeada a través dunha conducción de PVC de 200 mm a dous depósitos (un de 1.000 m³ e outro de 1.500 m³) que teñen unha diferenza de cota entre eles duns tres metros (o máis alto e máis moderno, é o de 1.500 m³), aínda que funcionan practicamente en paralelo. Dende estes depósitos a auga condúcese a través dunha conducción de fundición de 200 mm ao bombeo de Quistiláns. Dende este bombeo a auga condúcese ao depósito de Aldea Nova, que ten unha capacidade de 1.000 m³.

- Achega ao depósito de Aldea Nova dende o río Roxos.

No límite do municipio de Santiago de Compostela dispónse dunha captación no río Roxos. A auga captada condúcese por gravidade ata o bombeo de Quistiláns (115 m³/h), que ten unha capacidade máxima de 115 m³/hora (dúas bombas de 90 kW), mediante unha conducción de PVC de 250 mm e PVC de 160 mm. Dende Quistiláns a auga lévase ao depósito de Aldea Nova mediante unha impulsión de PVC de 200 mm.

Descrición xeral da urbanización de Aldea Nova.

Dende o depósito de Aldea Nova abastécese un depósito de 100 m³ situado no Alto do Vento, que subministra auga aos núcleos de Ventosa e O Lombao.

Bombeo de Quistiláns.

Bosquexo da conexión entre os depósitos de Aldea Nova e do Breixo.

1. Achega ao depósito do Breixo dende os mananciais de Castiñeiro do Lobo.

Na zona Norte do municipio hai dous mananciais que abastecen ao depósito do Breixo, que conta cunha capacidade de 643 m³. A achega é duns 40 m³/día en inverno e duns 6 m³/día en verán. O depósito do Breixo está conectado co de Aldea Nova a través dunha conducción de PVC de 160 mm, que pode mover auga nos dous sentidos, en función da dispoñibilidade de auga dos mananciais. Cando se recibe auga dende Aldea Nova, esta debe ser bombeada e á vez distribúese durante o seu percorrido.

Dende o depósito do Breixo sae unha conducción cara á estrada de Noia (un tramo con PVC de 250 mm, ata A Pateira, e outro en PVC de 90 mm, dende o citado lugar ata o entroncamento coa AC-543).

Dende o depósito de Aldea Nova tamén parte unha conducción que serve de eixe distribuidor a toda a zona de Bertamiráns para finalmente achegar auga a Brión. Esta conducción presenta varios tramos diferenciados:

2. Dúas conducións de PVC de 200 mm, dende o depósito ata Pontellón (entrada de Bertamiráns).
3. Conducción de PVC de 200 mm. por Bertamiráns ata Cantalarrana.
4. Dúas conducións en PVC de 75 mm ata o límite co municipio de Brión.

Depósitos existentes no concello de Ames	
NOME	CAPACIDADE (m3)
Castiñeiro do Lobo	640
Aldea Nova	1.000
O Milladoiro I	1.500
O Milladoiro II	1.000
Bosque Animado	100

3. DESCRICIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO

Igual que o abastecemento, a rede de saneamento e instalacións de depuración do Concello de Ames foise desenvolvendo conforme se producía o crecemento urbanístico dos últimos quince anos, á par que se executaban novas obras en zonas que carecían do correspondente servizo.

Por este motivo, practicamente a totalidade da rede de saneamento é relativamente recente e está executada con colectores de PVC. Só algúns tramos de colector, de maior antigüidade están constituídos por tubos de formigón, aínda que xa se executaron obras que os substituíron paulatinamente por colectores de PVC.

A rede de saneamento é separativa nas novas zonas urbanizadas nos últimos anos. Nos núcleos máis antigos do Concello, a rede é unitaria.

Situación da parroquias que conforman o municipio de Ames.

A continuación explícanse con máis detalle o sistema de saneamento de Ames:

a. Na parroquia de Biduído, na que se localiza o núcleo do Milladoiro, ao situarse en diferentes concas, a rede de saneamento conduce as augas a varias estacións depuradoras de augas residuais:

- a) **EDAR A Silvouta**, no Concello de Santiago de Compostela (saneamento da zona norte).
- b) **EDAR de Calo-O Milladoiro**, no Concello de Teo (saneamento da zona sur)
- c) **EDAR do Polígono Industrial do Milladoiro**, no Concello de Ames (saneamento do Polígono Industrial do Milladoiro e doutras zonas da parroquia de Biduído). Trátase dunha depuradora biolóxica mediante leitos bacterianos, con capacidade para eliminar nutrientes (por precipitación química no caso do fósforo e por procedementos biolóxicos no do nitróxeno). O acondicionamento e deshidratación de lama realízase mediante centrifuga.

Existen un pozo de bombeo (**pozo de bombeo da Moñiña**) para conducir as augas de saneamento do núcleo do mesmo nome e un **pozo de bombeo na rúa Rosalía de Castro** do Milladoiro.

No Polígono Industrial do Milladoiro existe outro bombeo denominado **pozo de bombeo da Rúa das Oliveiras**.

b. Na parroquia de Bugallido a depuración das augas de saneamento realízase nas seguintes instalacións:

i. EDAR de Calo-O Milladoiro, no Concello de Teo (saneamento da zona leste).

ii. EDAR de Bertamiráns, no Concello de Ames (saneamento do resto da parroquia de Bugallido).

Para realizar o saneamento dos núcleos de Tarrío, Framán e Eirapedriña existen cadanseus pozos de bombeo: o **pozo de bombeo de Tarrío**, o **pozo de bombeo de Framán** eo **pozo de bombeo de Eirapedriña**.

c. Na parroquia de Ortoño localízase o núcleo de Bertamiráns. Todas as súas augas de saneamento se tratan na **EDAR de Bertamiráns**. Trátase dunha depuradora biolóxica de lama activada mediante o sistema de aeración prolongada, cun reactor biolóxico en forma de canle de oxidación, con capacidade para eliminar nutrientes (por precipitación química no caso do fósforo e por procedementos biolóxicos no do nitróxeno). O acondicionamento e deshidratación de lama realízase mediante centrifuga.

Existen tres pozos de bombeo (**Carballido**, **Sisalde 1** e **Sisalde 2**) para conducir as augas de saneamento dos núcleos do mesmo nome.

d. A parroquia de Covas tamén trata todas as súas augas de saneamento na **EDAR de Bertamiráns**.

O **pozo de bombeo de Ponte Loureiros** dá servizo ao pequeno núcleo do mesmo nome.

e. A parroquia de Trasmonte conduce as súas augas de saneamento á **EDAR de Agrón**.

f. A parroquia de Agrón trata as súas augas residuais na EDAR de Agrón, á beiras do río Tambre.

Existen diversos bombeos para dar servizo a determinados núcleos da parroquia:

i. Pozo de bombeo da Garea.

ii. Pozo de bombeo da Ponte Maceira.

iii. Pozo de bombeo da Ponte Nova 1.

iv. Pozo de bombeo da Ponte Nova 2.

v. Pozo de bombeo de Novais.

vi. Pozo de bombeo de Insua.

vii. Pozo de bombeo de Gasamáns.

g. A parroquia de Lens carece de rede municipal de saneamento. Soamente existe un pequeno tramo de colector sen saída.

h. Todo o tratamento de augas residuais da parroquia de Ames se realiza na **EDAR de Bertamiráns**.

Na zona norte existen dous pequenos bombeos para dar servizo ao núcleo de Oca, **pozo de bombeo de Oca 1** e **pozo de bombeo de Oca 2**.

- i. Na parroquia de Tapia non existe rede municipal de saneamento.
- j. En dous núcleos da parroquia de Piñeiro existen dúas pequenas redes de saneamento, coas súas dúas respectivas foxas sépticas:
- Foxa séptica da Rúa.**
 - Foxa séptica de Fernande.**
- k. A depuración das augas residuais da parroquia da Ameixenda realízanse na EDAR da Ameixenda. Existe unha foxa séptica municipal ao norte da parroquia, **a foxa séptica de Mercuto**, cuxa situación exacta é descoñecida.
- Para dar servizo a un núcleo do sur da parroquia emprégase o **bombeo de Cortegada** e o **bombeo de Quintáns**.

ANEXO III RELACIÓN DE PERSOAL AFECTO AO SERVIZO

(CUSTO ANUAL ESTIMADO PARA 2014)

SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS-PERSOAL PROPIO DO SERVIZO
Persona 1 - Capataz
Persona 2 - Administrativo
Persona 3 - Administrativo
Persona 4 - Operario
Persona 5 - Operario
Persona 6 - Operario
Persona 7 - Operario
Persona 8 - Operario
Persona 9 - Operario
Persona 10 - Operario
Persona 11 - Operario
Persona 12 - Operario
Persona 13 - Operario
Persona 14 - Operario
Coste anual 2014 estimado: 355.100,00 €

Fonte: ESPINA Y DELFÍN, S.L.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vintenove de xullo de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde
(asinado dixitalmente)
Santiago V. Amor Barreiro

A secretaria
(asinado dixitalmente)